



PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES DE PORTOS DE GALICIA QUE REXERÁ NO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO DA LCSP PARA A CONTRATACIÓN DA OBRA «EMBARCADOIRO EN VALGA”(PONTEVEDRA). CADRO DE CARÁCTERÍSTICA DO CONTRATO.

(EXPEDIENTE.: 3/2020/CNTOB)

PORTADA

TIPO CONTRACTUAL: CONTRATO DE OBRAS

PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN: **x ABERTO** **x MULTICRITERIO**

TRAMITACIÓN: SIMPLIFICADA

CONTRATO SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA: **NON**

PROCEDEMENTO ABERTO ORDINARIO (arts. 156 a 158 LCSP): **SI**

TRAMITACIÓN DOCUMENTALMENTE SIMPLIFICADA: **SI**

RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN (art. 44 LCSP) : **NON**

CONTRATO RESERVADO A CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO, A EMPRESAS DE INSERCIÓN LABORAL OU LICITADO NO MARCO DUN PLAN DE EMPREGO PROTEXIDO: **NON**

ÓRGANO DE CONTRATACIÓN, RESPONSABLE DO CONTRATO.

ÓRGANO DE CONTRATACIÓN: Presidencia da Entidade Pública Empresarial PORTOS DE GALICIA
DEPARTAMENTO ou SERVIZO: Área de Infraestruturas, Medio Ambiente e Seguridade
UNIDADE TRAMITADORA: Unidade de Contratación: S^a. X.-A.X.-DIVISIÓN DE CONTRATACIÓN
Dirección: Polígono das Fontiñas, Praza de Europa nº 5 A, 6º, 15707 Santiago de Compostela.

OBXECTO DO CONTRATO

- CPV (Vocabulario Común de Contratos):

Instalacións marítimas:

4	5	2	4	4	1	0	0
---	---	---	---	---	---	---	---

Traballos de construción de pantaláns fixos.

4	5	2	4	1	3	0	0
---	---	---	---	---	---	---	---

- CPA (Clasificación de Produtos por Actividades):





CADRO DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO

1. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN, sistema de determinación do prezo e valor estimado

1.1. Orzamento base de licitación e sistema de determinación do prezo

Importe sen IVE	274.743,20 €
IVE	27.756,80
Orzamento base de licitación TOTAL	302.500,00€
Sistema de determinación do prezo: O detalle e xustificación do orzamento se recolle no proxecto construtivo correspondente.	

1.2. VALOR ESTIMADO DO CONTRATO

Importe total sen IVE	274.743,20 €
Eventuais prórrogas	0 €
Modificacións previstas	0 €
Primas o pagos a candidatos ou licitadores	0€
TOTAL VALOR ESTIMADO	274.743,20 €

2. CONSIGNACIÓN ORZAMENTARIA , ANUALIDADES, LOTES E FINANCIAMENTO

2.1. DISTRIBUCIÓN POR ANUALIDADES, APLICACIÓN ORZAMENTARIA E FINANCIAMENTO

ANO	Total (IVE excluído)	Aplicación orzamentaria	Financiamento
2020	250.000,00 €	01345/62204 Obras de atraque.	320022/FCA
2021	24.743,20 €	01345/62204 Obras de atraque.	320022/FCA

2.2. DISTRIBUCIÓN POR LOTES

Dada a natureza dos traballos a contratar, por tratarse dun proxecto construtivo único que reflicte a execución dunha obra completa, non se considera posible a súa división en lotes.
--

2.3 LIMITACIÓN AO Nº DE LOTES: 0

2.4 FINANCIAMENTO COMUNITARIO: NON





3. PRAZO DE EXECUCIÓN

Prazo de execución do contrato	Cinco (5) meses dende a sinatura da acta de comprobación da reformulación(REPLANTEO)
Prazos de execución parcial	Os fixados no programa de traballo
Prorroga	Segundo o previsto no artigo 29 e 195 da LCSP e no artigo 100 do RGLCAP

4. PRAZO DE GARANTÍA

Prazo	O fixado na oferta da empresa adxudicataria (mínimo 1 anos dende a recepción das obras)
-------	---

5. SOLVENCIA E CLASIFICACIÓN. HABILITACIÓN EMPRESARIAL. INSCRIPCIÓN NO REXISTRO DE CONTRATISTAS

5.1. OBRIGA DE ACREDITAR SOLVENCIA

Non é precisa clasificación.

5.2. CLASIFICACIÓN

Para os contratos de obras cuxo valor estimado sexa inferior a 500.000 euros non será requisito indispensable que o empresario se encontre debidamente clasificado como contratista de obras dos poderes adxudicadores. (artigo 77 LCSP). Neste contrato, os licitadores poderán acreditar a súa solvencia coa seguinte clasificación substitutiva:

Grupo	Subgrupo	Categoría
GRUPO F: MARITIMAS	Subgrupo 7: Sen cualificación específica	Categoría 2

Para os casos de unións de empresarios estarase ao establecido no artigo 69 da LCAP.

5.3. MEDIOS DE ACREDITACIÓN DA SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA

No caso de concorrencia do suposto previsto no 69 da LCSP estarase en canto á solvencia ao indicado na 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).

5.4. MEDIOS DE ACREDITACIÓN DA SOLVENCIA TÉCNICA OU PROFESIONAL





A solvencia económica acreditarase segundo o artigo 87.3 da LCSP e a solvencia técnica conforme ao establecido no artigo 88.3 da LCSP.

5.5. Medios de acreditación da solvencia de empresarios non españois de Estados membros da UE.

Ver cláusula 18 do PCAP.

5.6. Concreción das condicións de solvencia.

De acordo co disposto no artigo 76.2 y 3 da LCSP, non se considera neste procedemento o compromiso de dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais como requisitos de solvencia adicional.

5.7. CLASIFICACIÓN Substitutiva, se procede. Habilitación profesional, no seu caso.

Grupo: F Subgrupo: 07 Categoría: 02.

6. REVISIÓN DE PREZOS

Atendendo ao regulado polo artigo 103 LCSP: Non procede debido ao prazo das obras e de acordo co disposto no proxecto.

7. GARANTÍAS

7.1 Garantía provisional

Non se esixe

7.2 Garantía definitiva

O licitador que presente a mellor oferta deberá constituír a disposición del órgano de contratación unha garantía definitiva por contía do 5% do orzamento base de licitación, IVE excluído

A garantía definitiva prestarse mediante calquera das formas reguladas polo artigo 108.1 LCSP.

A garantía definitiva será retida por Portos de Galicia por un período de tempo igual ao do prazo de garantía ofertado polo licitador adxudicatario.

7.3 Garantía complementaria (máximo 5% importe adxudicación IVE excluído)

Non se esixe

8. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS





Lugar	A documentación (indicada na cláusula 22 do PCAP) presentarse nun único sobre ou arquivo electrónico a través do Sistema de licitación electrónica da Xunta de Galicia SILEX) no seguinte enderezo: www.conselleriadefacenda.es/silex
Prazo	O prazo para presentación de proposicións será o sinalado no anuncio de licitación publicado no perfil do contratante-Plataforma de Contratos Públicos da C. Autónoma de Galicia. A data e hora da apertura da documentación publicarse no perfil do contratante.

REQUISITOS TÉCNICOS DO Sistema de Licitación Electrónica da Xunta de Galicia (SILEX).

O contrato licitarase a través do Sistema de Licitación Electrónica da Xunta de Galicia (SILEX), regulado pola Orde de 28 de xullo de 2010.

Modo de acceso: www.conselleriadefacenda.es/silex

Requisitos do licitadores:

- Deben contar cun certificado electrónico válido emitido por unha autoridade certificadora das admitidas polo CIXTEC. A relación dos certificados admitidos pódese consultar na sección "Requirimentos necesarios" do apartado e-trámites.
- As empresas inscritas no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma deberán ter o certificado vixente.

Requisitos do equipo informático, formatos electrónicos dos documentos e sinatura dixital de ofertas:

- Para licitar no SILEX, deberanse cumprir os requisitos básicos que se indican no apartado "Axuda" da páxina principal: www.conselleriadefacenda.es/silex
- A documentación presentada no SILEX debe estar nun dos formatos seguintes: .doc, .odt, .xls, .ods, ppt, pdf, .rtf, .jpg, .bmp, .tiff, ou calquera outro dos admitidos no SILEX.
- Toda a documentación poderá ser asinada dixitalmente a través do Sistema de Licitación Electrónica (SILEX) mediante o certificado dixital do licitador no momento da presentación de ofertas. O Sistema permite asinar dixitalmente a documentación da oferta por unha ou varias persoas.
- Calquera documento asinado dixitalmente con carácter previo á súa incorporación no SILEX deberá vir en formato pdf, e estar asinado co estándar de sinatura "PDF Advanced Electronic Signatures" (PADES).

Para obter soporte técnico, os licitadores poden poñerse en contacto co Centro Informático CIXTEC no teléfono 881.955.940 ou acceder á páxina de atención ó usuario da Consellería de Facenda a través da seguinte ligazón: <http://www.cixtec.es/web/cixtec/atendemos>

De conformidade co establecido no artigo 156 da LCSP o prazo de presentación de ofertas será o sinalado no perfil do contratante na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia.





De acordo co disposto para os efectos do artigo 138 da LCSP os interesados poderán dirixirse para consultas relacionadas co expediente ao seguinte correo electrónico:

concepcion.maceira.miras@portosdeg Galicia.com

Teléfono: 981 957025

Perfil do contratante ubicado na Plataforma de contratación pública de Galicia:
www.contratosdeg Galicia.es

9. ADMISIBILIDADE DE VARIANTES OU MELLORAS

Non se aceptan variantes nin melloras

10. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN E PARÁMETROS OBXECTIVOS PARA APRECIAR VALORES ANORMALMENTE BAIXOS.

Dado o obxecto do contrato e as condicións expostas procede o emprego dun sistema multicriterio, coa aplicación dos seguintes criterios:

10.1 VALORACIÓN DAS REFERENCIAS TÉCNICAS NON AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS.

Para a valoración do contido do sobre B (Referencias técnicas non avaliáveis mediante fórmulas) teranse en conta os seguintes criterios, aos que se lle aplicarán as puntuacións máximas establecidas para cada apartado na táboa, que figura a continuación.

A determinación do baremo aplicable ven determinada pola preponderancia dentro dos criterios de adxudicación fixados, que se derive dos ditos requirimentos técnicos e tipoloxía de cada obra (tales como diques, espigóns, ramplas, explanadas, dragaxes, naves, pavimentacións).

A tipoloxía das obras, especialmente marítimas, que se realizan nos portos (tales como diques, espigóns, ramplas, explanadas, dragaxes, naves, pavimentacións) e a complexidade que amosan estas derivada das circunstancias de que se implantan nun medio de especial risco, o marítimo con fortes condicionantes climatolóxicos, e esixente en canto as prestacións técnicas que deben reunir as obras que se implanten en tal medio, sendo por tanto relevantes a calidade na execución das obras, as consideracións medioambientais por implantarse en zona costeira, así como a prevención de riscos laborais, son criterios axeitados para valorar as distintas ofertas que presentan en relación ás obras a licitar.

TABOLA - Tipo de baremo técnico e puntuacións máximas

BAREMO TIPO	
CRITERIOS DE ADXUDICACION	
1. Memoria descriptiva	12
2. Programa de construción	6
3. Xestión da calidade	4
4. Xestión medioambiental	2





5. Prevención de Riscos	1
TOTAL	25

CRITERIOS	Máximo páxinas recomendadas	BAREMO
1- MEMORIA DESCRIPTIVA DO PROCESO DE EXECUCIÓN		12
1.1- Memoria descriptiva do proceso de execución. O licitante achegará unha memoria descriptiva do proceso de execución, na que fará unha análise da proposta que oferta, co seguinte contido: Análise do proxecto e da metodoloxía de execución. O licitador achegará unha análise do proxecto e da metodoloxía de execución que pretende empregar, centrándose nas incidencias que detecte e que poidan condicionar o desenvolvemento da obra. No que se refire ás unidades complexas que se poidan detectar no proxecto, onde o licitador considere que a execución das obras proxectadas pode presentar unha complexidade maior, a memoria descriptiva conterá unha análise mais completa, concretando os procesos de execución que pretende levar a cabo. Avaliaranse a concepción global do proxecto, as técnicas construtivas, os procesos de execución e as calidades propostas. Respecto da execución, a avaliación comprenderá a análise técnica da execución da obra, que debe centrarse naqueles aspectos que revistan unha especial complexidade na execución ou que requiriran técnicas especiais na súa realización.	Este apartado desenvolverase nun máximo de 20 páxinas en formato DIN-A4, cun tamaño de fonte non inferior a 10 e cun entreliñado sinxelo. No número máximo de páxinas considéranse incluídos, ademais do texto correspondente, os anexos, planos e/ou gráficos que o complementen. Os planos e gráficos poderán desenvolverse, ao obxecto de ser facilmente lexibles e interpretables, nun formato maior (DIN-A3) dobrado a DIN-A4.	9
• Memoria axeitada (o licitador achega unha análise axeitada e adaptada á obra)		Ata 9 puntos
• Memoria limitada (o licitador achega unha análise adaptada á obra sinxela en canto ao contido e/ou desenvolvemento)		Ata 4 puntos
• Memoria inadecuada (o licitador non achega documentación, ou ben esta non está particularizada para a obra, ou estando particularizada é claramente insuficiente ou errónea). <u>Non se valorarán as análises xenéricas que non se adapten ao proxecto e a metodoloxía concretas de execución da obra.</u>		Ata 1 punto
1.2- Análise dos condicionantes existentes externos, climatolóxicos. Desvíos provisionais, reposicións de e outras obras e medidas auxiliares a considerar para a execución do contrato. O licitador achegará unha análise dos condicionantes relativos ao emprazamento e dos aspectos específicos da execución que poidan condicionar o desenvolvemento da obra.	Este apartado desenvolverase nun máximo de 4 páxinas en formato DIN-A4, cun tamaño de fonte non inferior a 10 e cun entreliñado sinxelo. No número máximo de páxinas considéranse incluídos, ademais do texto correspondente, os anexos, planos e/ou gráficos que o	3





A modo de relación non exhaustiva, respecto do emprazamento avaliaranse: o coñecemento real da zona onde se sitúan as obras, o coñecemento das actuacións previas necesarias para o inicio da obra, os condicionantes topográficos e xeotécnicos, os climatolóxicos e os correspondentes coas actividades dos usuarios do porto, o estudo de acometidas provisionais e definitivas, a previsión de accesos á obra e circulación de vehículos e persoas, así como, no caso de que fose necesario, as posibles interferencias cos accesos e vías de circulación actuais, os desvíos provisionais, traslados e reposicións de servizos afectados coas súas medidas de sinalización e seguridade previstas. Ademais da avaliación das necesidades de espazo para provisións de almacenamento e instalacións auxiliares, indicando as , así como calquera outra aspecto que poida condicionar a execución do contrato. A necesidade de horarios de traballo especiais ou adaptados aos requirimentos da actuación, etc. <u>Non se valorarán as análises xenéricas que non se adapten ao proxecto e a metodoloxía concretas de execución da obra.</u>	complementen. Os planos e gráficos poderán desenvolverse, ao obxecto de ser facilmente lexibles e interpretables, nun formato maior (DIN-A3) dobrado a DIN-A4.	
2- PROGRAMA DE CONSTRUCCIÓN DAS OBRAS		6
O licitador debe presentar un programa de construción que asegure a execución das obras no prazo proposto, ao tempo que realice unha distribución de anualidades contractuais respectuosas coas establecidas no cadro de características do prego, agás naqueles supostos en que de xeito xustificable poida variarse a dita distribución sen vulnerar a normativa orzamentaria en materia de contratación. O prazo proposto non poderá minorar o prazo estimado pola administración, de acordo co cadro de características deste prego. Para obter os prazos das actividades principais o licitador deberá presentar un dimensionamento dos equipos de traballos que xustifique os rendementos obtidos para o programa de traballos. <u>A oferta económica do licitador non poderá deducirse en ningún caso do programa de traballos, de tal xeito que se garanta que a mesma non se coñecerá ata a apertura do Sobre C (proposición económica). Desta maneira respéctase o indicado no artigo 145.2 do TRLCSP no que se refire ao segredo das proposicións.</u>		
2.1- Fichas de dimensionamento dos equipos de traballo participantes nas que se xustifiquen os rendementos medios previstos na concreta oferta técnica que garantan o prazo ofertado de ata un máximo de 10 actividades relevantes.	Este apartado desenvolverase nun máximo de 10 páxinas (1 por actividade) en formato DIN-A4, cun tamaño de fonte non inferior a 10 e cun entreliñado sinxelo.	3





2.2- Diagrama de Gantt con desenvolvemento das unidades de obra, indicando as actividades que condicionan dita obra ao derivarse de actividades críticas. Achegarase un diagrama de Gantt valorado no que se indicarán: as principais actividades que compoñen o proxecto, o seu importe segundo o proxecto, as datas de inicio e de fin e a duración prevista para cada actividade, as prelacións entre actividades e o camiño crítico da obra. Empregarase unha escala semanal. Indicarase, para cada mes, os investimentos mensuais previstos tomando como base económica o orzamento estimado para a licitación (presuposto base de licitación). Ademais, se poderá presentar unha memoria explicativa, se así o considera o licitador, para un mellor entendemento e xustificación do diagrama de Gantt. Con esta documentación avaliarase que o programa das obras resulta coherente coa memoria das actividades base a desenvolver, cos prazos parciais, cos límites e folguras previstas, coas inversións achegadas así como coa definición do camiño crítico e a adopción de medidas para a súa atenuación, no seu caso, de tal xeito que todo o conxunto permita explicar o prazo de execución total ofertado. Toda esta información permite establecer o nivel de concreción de cada licitador para garantir a execución das obras nos prazos establecidos, de forma que estes sexan realistas e axeitados para a execución do contrato, a través do seu nivel de identificación de actividades, detalle e coherencia.	Este apartado desenvolverase nun máximo de 2 páxinas para a memoria explicativa en formato DIN-A4, cun tamaño de fonte non inferior a 10 e cun entreliñado sinxelo. O diagrama de Gantt desenvolverase nun máximo de 1 páxina, ao obxecto de ser facilmente lexible e interpretable, nun formato maior (ata DIN-A1) dobrado a DIN-A4 e non computará no total de páxinas indicado, sempre que respecte o contido indicado.	3
2.2.1.- Diagrama de Gantt con desenvolvemento das unidades de obra, e indicación das datas de comezo e remata das distintas fases		2
2.2.2.- Diagrama de Gantt indicando as actividades que condicionan dita obra ao derivarse de actividades críticas		1
3- XESTIÓN DA CALIDADE E CONTROL DA OBRA		4
3.1.- Idoneidade do plan de control de calidade proposto á obra, relación de controis e ensaios que se realizarán das unidades de obra durante a execución dos traballos indicando o tipo e cantidade dos ensaios a realizar. Dito plan de xestión da calidade e control da obra será ejecutado posteriormente por empresas non vinculada a empresa licitadora. Este plan recollerá os aspectos concretos das unidades de obra a controlar durante a execución dos traballos e a listaxe das unidades e	Este apartado desenvolverase nun máximo de 10 páxinas en formato DIN-A4, cun tamaño de fonte non inferior a 10 e cun entreliñado sinxelo.	4





actividades de obra que serán obxecto do plan de control cuantificándoas, facendo especial fincapé, na existencia dun programa de inspección da obra, nas probas finais das instalacións, na planificación dos informes periódicos de seguimento que se achegarán cos da dirección facultativa. A empresa deberá manter o plan durante a execución das obras, sen prexuízo das variacións que resulten necesarias co fin de adaptarse ás distintas vicisitudes e/ou modificacións da obra de conformidade co indicado pola dirección facultativa durante a execución do contrato. <u>No plan de control de calidade do licitador non poderase incluír prezos dos ensaios e tampouco poderá deducirse en ningún caso a porcentaxe ofertada nin a oferta económica, de tal xeito que se garanta que a mesma non se coñecerá ata a apertura do Sobre C (porcentaxe destinado ao control de calidade e proposición económica). Desta maneira respéctase o indicado no artigo 145.2 do TRLCSP no que se refire ao segredo das proposicións.</u>		
4- XESTIÓN MEDIOAMBIENTAL DA OBRA		2
4.1- O licitador achegará unha memoria na que analice o proxecto e a obra dende o punto de vista medioambiental, incluíndo a identificación das unidades de obra e/ou dos procesos construtivos que poidan xerar impactos, a descrición dos impactos xerados e as medidas previstas para a súa eliminación, diminución ou corrección. Incluíranse os planos necesarios para definir claramente a organización física da obra dende o punto de vista medioambiental. A información achegada por cada licitador permitirá avaliar as técnicas e procedementos de cada empresa que redunden nunha execución de obras que respecte as condicións ambientais do entorno, garantindo un resultado final máis compatible co medio ambiente, identificando as unidades de obra e procesos construtivos a executar e as medidas a desenvolver para minimizar ou eliminar os impactos, en función do nivel de definición e identificación de procedementos, o seu detalle e a súa coherencia. <u>Non se valorarán as memorias xenéricas que non se adapten ás particularidades da obra e da súa contorna.</u>	Este apartado desenvolverase nun máximo de 5 páxinas en formato DIN-A4, cun tamaño de fonte non inferior a 10 e cun entreliñado sinxelo. No número máximo de páxinas considéranse incluídos, ademais do texto correspondente, os anexos, planos e/ou gráficos que o complementen. Os planos e gráficos poderán desenvolverse, ao obxecto de ser facilmente lexibles e interpretables, nun formato maior (ata DIN-A3) dobrado a DIN-A4.	2
5- PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS		1
5.1- Canles de información y formación de los trabajadores.	Este apartado desenvolverase nun máximo de 4 páxinas en formato DIN-A4, cun tamaño de fonte non inferior a 10 e cun entreliñado sinxelo.	1





TOTAL	25
-------	----

UMBRAL MÍNIMO DE PUNTUACIÓN ESIXIDO NESTA FASE DE VALORACIÓN DE OFERTA TÉCNICA MEDIANTE CRITERIOS NON AUTOMÁTICOS:

De conformidade co artigo 146.3 da LCSP, será rexeitada e excluída da licitación, toda proposición que nesta fase non acade cando menos o 50 % da puntuación máxima total.

10.2 VALORACIÓN DA PROPOSICIÓN ECONÓMICA E DOUTROS ASPECTOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS.

1º/Proposta económica.

Puntuación Ponderación

Ata 60 puntos..... 60 %

As fórmulas aplicables a efectos da puntuación das proposicións económicas admitidas son:

$$P_E = 58 + 2 \times \frac{B_i - (0,55 \times B_e)}{0,45 \times B_e} \quad \text{para } 0,55 \times B_e < B_i \leq B_e$$

$$P_E = 45 + 13 \times \frac{B_i - (0,25 \times B_e)}{0,30 \times B_e} \quad \text{para } 0,25 \times B_e < B_i \leq 0,55 \times B_e$$

$$P_E = 45 \times \frac{B_i}{0,25 \times B_e} \quad \text{para } 0 < B_i \leq 0,25 \times B_e$$

Sendo:

PE = Puntuación económica de 0 a 60 puntos

B_i = Baixa da oferta admitida para a que se determinará a puntuación económica calculada como a porcentaxe que represente a diferenza entre o orzamento base de licitación (ive excluído) e o orzamento da oferta (ive excluído), expresado en tanto por cento sobre o orzamento base de licitación (ive excluído)

B_e = Baixa da oferta máis económica das admitidas.

* Nota informativa: para os efectos de cálculo, terase en conta que cada un dos resultados parciais e totais deberán ser redondeados a dous decimais

2º/ Aumento do prazo de garantía.





O incremento do prazo de garantía terá que indicarse unicamente por anos adicionais completos.

Puntuación Ponderación

Ata 8 puntos..... 8 %

Cando o licitador se comprometa a incrementar o prazo de garantía sobre o mínimo obrigatorio de 1 ano, será obxecto de valoración conforme á formulación que de seguido se indica:

- Cada ano adicional do período de garantía sobre o fixado no CCC o licitador obterá unha puntuación de 2 puntos.
- - Se os anos adicionais de garantía ofertados son igual ou maior ao 4 anos se lle asignará a puntuación máxima de 8 puntos.

3º/ Porcentaxe destinada ao control de calidade das obras.

Puntuación Ponderación

Ata 7 puntos..... 7 %

Cando o licitador se comprometa a destinar para efectuar o control externo de calidade un importe equivalente ao mínimo obrigatorio do 1% do orzamento de execución material do proxecto de obra de licitación, non se atribuirá puntuación ningunha.

Os importes superiores serán obxecto de valoración conforme á formulación que de seguido se indica:

- Se a porcentaxe ofertada (t) é maior do 1% e menor ou igual ao 1,5% do orzamento de execución material do proxecto de obra de licitación puntuarase coa seguinte fórmula matemática:

$$\text{Puntos} = 8 \times (t-1)$$

- Se a porcentaxe ofertada (t) é maior ao 1,5% e menor do 2,5% do orzamento de execución material do proxecto de obra de licitación, a fórmula a utilizar para obter a puntuación será a seguinte:

$$\text{Puntos} = 3 \times (t-1,5) + 4$$

- Se a porcentaxe ofertada (t) é igual ou maior ao 2,5% do orzamento de execución material do proxecto de obra de licitación se lle asignará a puntuación máxima de 7 puntos.

10.3 VALORACIÓN FINAL DAS OFERTAS.

Unha vez admitidas ou rexeitadas as ofertas cunha baixa temeraria calcularanse as puntuacións definitivas de acordo cos seguintes criterios:





A **puntuación final (P_T) dos criterios non cuantificables mediante fórmulas** virá dado pola suma das puntuacións obtidas na aplicación do baremo de valoración das referencias técnicas non avaliáveis mediante fórmulas e aplicando o seguinte criterio:

- Oferta con maior puntuación no baremo: 25 puntos
- Oferta con menor puntuación no baremo: Manterá os puntos obtidos co baremo.
- Resto de ofertas: liñalmente entre a oferta con menos puntuación e 25 puntos.

A **puntuación final (P_E) dos criterios cuantificables mediante fórmulas** virá dado pola suma das puntuacións obtidas nos apartados correspondentes a valoración da proposición económica e doutros aspectos avaliáveis mediante fórmulas.

A **puntuación final (P)** das proposicións virá dada de acordo coa seguinte fórmula:

$$P = (P_T) + (P_E)$$

11. VALORES DESPROPORCIONADOS DAS OFERTAS

Se considerarán as ofertas con valores anormais ou desproporcionados cando superen los límites de aplicar o seguinte coeficiente os criterios marcados no artigo 25.2 PCAP:

K=2

12. CONTIDO DOS SOBRES ELECTRÓNICOS (artigo 22 deste prego).

12.1 Sobre electrónico B. REFERENCIAS TÉCNICAS NON AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS.

Documentación – Sobre electrónico B

Un índice que relacionará cada un dos documentos que integra o citado sobre electrónico, convenientemente asinado.

Copia, en formato dixital do contido do citado sobre.

Memoria descritiva do proceso de execución.

Programa de construción das obras.

Xestión de calidade e control da obra.

Xestión Mediambiental da obra.

Prevención de riscos laborais.





Declaración relativa á subcontratación, nos termos previstos neste Prego e no cadro de características.

Segundo o esixido no cadro de características do contrato, este sobre electrónico tamén conterá a declaración sobre a intención de celebrar subcontratos a que se refiren os artigos 29.3.b) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico e 215.2 a) da LCSP, sinalando a súa porcentaxe, o nome e o perfil empresarial definido por referencia as condicións de solvencia profesional ou técnica dos subcontratistas aos que se vaia a encomendar a súa realización.

A oferta económica da empresa licitadora non poderá deducirse en ningún caso da declaración de subcontratación, de tal xeito que se garanta que a mesma non se coñecerá ata a apertura do sobre C (proposición económica). Desta maneira respéctase o indicado no artigo 139.2 da LCSP no que se refire ao segredo das proposicións.

Se no sobre electrónico B figurase documentación correspondente ao contido do sobre electrónico C, o licitador será excluído do procedemento de adxudicación do contrato por vulnerar o carácter secreto das proposicións.

CONTIDO:

Memoria descritiva do proceso de execución:

A memoria deberá conter, como mínimo:

- 1.1) Memoria descritiva do proceso de execución xeral.
- 1.2) Análise dos condicionantes existentes.

Programa de construción das obras:

En concreto o licitador facilitará a información seguinte:

- 2.1) Fichas de dimensionamento dos equipos de traballo.
- 2.2) Diagrama de Gantt. Ademais, se poderá presentar unha memoria explicativa, se así o considera o licitador, para un mellor entendemento e xustificación do diagrama de Gantt.

A oferta económica da empresa licitadora non poderá deducirse en ningún caso do programa de traballos, de tal xeito que se garanta que a mesma non se coñecerá ata a apertura do sobre electrónico C (proposición económica). Desta maneira respéctase o indicado no artigo 139.2 da LCSP no que se refire ao segredo das proposicións.

Xestión da calidade e control da obra:

O contratista definirá as medidas que propón para controlar e garantir, pola súa parte, a calidade dos traballos. Neste apartado deberase aportar, como mínimo, o seguinte:

- 3) Un plan de xestión e control de calidade da obra específico.

No plan de control de calidade do licitador non poderase incluír prezos dos ensaios e tampouco poderá deducirse en ningún caso a porcentaxe ofertada nin a oferta económica, de tal xeito que se garanta que a mesma non se coñecerá ata a apertura do sobre electrónico C (porcentaxe destinado ao control de calidade e proposición económica). Desta maneira respéctase o indicado no artigo 139.2 da LCSP no que se refire ao segredo das proposicións.





Indicación de relevancia: Non se valorarán certificacións de calidade xenéricas das empresas licitadores senón que a xestión da calidade deberá cualificar, valorizar a oferta/proposición que se presenta.

Xestión medioambiental da obra:

Neste apartado deberase aportar unha memoria que recolla unha análise do proxecto dende o punto de vista ambiental, destacando os puntos que esixen unha atención especial segundo o criterio do licitador. Esta memoria deberá incluír :

4) A identificación das unidades de obra e/ou dos procesos construtivos que podan xerar os principais impactos, de acordo co Programa de Vixilancia Ambiental e a preceptiva DIA, así como as medidas adoptadas para a súa eliminación, diminución ou corrección e a dispoñibilidade de instrucións de traballo específicas para a obra.

Prevención de riscos laborais:

Especificamente neste apartado indicárase:

5) Canais de información e formación dos traballadores.

6) Esíxese a presentación dunha declaración sobre a parte do contrato que o licitador teña previsto subcontratar nos termos do artigo 215.2.a) da LCSP, de acordo co Anexo correspondente do PCAP. A oferta económica da empresa licitadora non poderá deducirse en ningún caso da declaración de subcontratación, de tal xeito que se garanta que a mesma non se coñecerá ata a apertura do sobre electrónico C (proposición económica). Desta maneira respéctase o indicado no artigo 139.2 da LCSP no que se refire ao segredo das proposicións.

Indicación de relevancia: Non se valorarán certificacións ambientais xenéricas das empresas licitadores senón que a xestión ambiental deberá cualificar, valorizar a oferta/proposición que se presenta.

12.2. SOBRE ELECTRÓNICO C. PROPOSICIÓN ECONÓMICA E OUTROS ASPECTOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS.

CONTIDO:

Documentación – Sobre electrónico C

1. Unha relación dos documentos incluídos neste sobre.
2. Anexo III, que recollerá a proposición económica e os compromisos

1) A proposición económica será formulada estritamente conforme ao modelo que figura no Anexo III correspondente do PCAP.

2) O aumento do prazo de garantía das obras sobre o disposto no apartado correspondente do CCC obrigado, conforme ao modelo que figura no Anexo III correspondente do PCAP. O incremento do prazo de garantía terá que indicarse unicamente por anos adicionais completos.

3) A porcentaxe destinada ao control de calidade das obras sobre o presuposto de execución material das obras, conforme ao modelo que figura no Anexo III correspondente do PCAP.





13. CIRCUNSTANCIAS DETERMINANTES DA ADXUDICACIÓNS NOS CASOS DE IGUALDADE DE PROPOSICIÓNS

Os elementos que se terán en conta para o proceso de valoración en caso de empate entre as ofertas presentadas figuran consignadas na cláusula 25.6 do PCAP.

14. CONDICIÓNS ESPECIAIS DE EXECUCIÓN DO CONTRATO

Aos efectos do previsto no artigo 202 da LCSP, terá a consideración de condición especial de execución do contrato as sinaladas na cláusula 40 do PCAP, e ademais para esta licitación as seguintes:

1. O emprego na execución das prestacións obxecto do contrato dunha porcentaxe de traballadores/as fíxos/as igual ou superior ao 20 por cento do persoal adscrito á execución do contrato pola empresa contratista.

O incumprimento destas condicións especiais dará lugar a imposición de penalidades, de acordo co disposto na cláusula 46.2 do PCAP.

15. GASTOS PUBLICIDADE

O anuncio de licitación publicarase no Sistema de Licitación Electrónica de Galicia (SILEX) á que se accede a través da paxina web: www.conselleriade facenda.es/silex. Esta publicidade non leva gastos para o contratista.

16. PROGRAMA DE TRABAJO

O contratista deberá presentar un programa de traballo para a súa aprobación, no prazo máximo de 30 días contados dende a formalización do contrato, no que se incluírán os extremos que se indican no artigo 144 do RXLCAP.

17. PAGAMENTO DO PREZO

O pagamento do prezo realizarase mediante certificacións expedidas mensualmente por unidades executadas de obra, segundo o indicado no proxecto, que será supervisada pola dirección de obra, agás prevención en contrario no prego de cláusulas administrativas particulares, que comprendan a obra executada conforme ao proxecto durante o dito período de tempo.

FACTURACIÓN:

De acordo coa disposición adicional trixésimo segunda da LCSP, o contratista terá a obriga de presentar a factura expedida polas obras realizadas ante o correspondente rexistro administrativo para os efectos da súa remisión ao órgano administrativo ou unidade a quen corresponda a tramitación da mesma.





A tal efecto facilítase a seguinte información: Na factura deberá indicarse o número de expediente, o obxecto do contrato, a desagregación de unidades, así como o importe máximo total certificado ata a data.

No caso de que a factura se emita de forma electrónica estarase ao establecido na cláusula 48 do prego de cláusulas administrativas particulares.

O pagamento do prezo realizarase mediante varias certificacións durante as fases de execución.

Facturación electrónica.

Unha vez certificada a conformidade na prestación do servizo por parte de Portos de Galicia e emitida a correspondente factura electrónica, de conformidade co previsto no artigo 4 da Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público. O acceso ao Sistema electrónico de facturación da Xunta de Galicia, regulado na Orde do 12 de febreiro de 2010 (DOG núm. 31, do 16 de febreiro) e a Orde da Consellería de Facenda do 26 de febreiro de 2015 (DOG nº 50) pola que se regula o Punto xeral de entrada de facturas electrónicas e o Rexistro Contable de Facturas da Comunidade Autónoma de Galicia.

O acceso ao Sistema electrónico de facturación da Xunta de Galicia,, e á información sobre o mesmo será a través do seguintes URL: https://factura.conselleriadefacenda.es/eFactura_web/ ou <http://www.conselleriadefacenda.es/sicon/>, facendo constar os datos seguintes:

CONSELLERÍA/ENTIDADE: Entidade Pública Empresarial Portos de Galicia

ÓRGANO DE CONTRATACIÓN: Presidencia de Portos de Galicia

UNIDADE DE CONTRATACIÓN: Unidade de Contratación: Sª. X.-A.X.-DIVISIÓN DE CONTRATACIÓN

CIF: Q6550023C

CÓDIGO INTERNO SEF: 1065

CÓDIGOS DIR3:

-CÓDIGO DA OFICINA CONTABLE: A12009472

-CÓDIGO DO ÓRGANO XESTOR: A12009472

-CÓDIGO DA UNIDADE TRAMITADORA: GE0011237

DIRECCIÓN DA UNIDADE TRAMITADORA: Polígono de Fontiñas, Área Central, praza de Europa 5A, 6º, 15707 Santiago de Compostela

PUNTO DE ENTRADA AUTOMATIZADA DE DATOS (FACe):

https://factura.conselleriadefacenda.es/eFactura_web/ ou

<http://www.conselleriadefacenda.es/sicon/>

Teléfono CIXTEC: 981 541300

A presentación das facturas en formato electrónico será obrigatoria para las Sociedades anónimas, sociedades de responsabilidade limitada, las Unións temporais de empresas, las agrupacións de



interese económico (Lei 12/1991, do 29 de abril, de Agrupacións de Interese Económico), as agrupacións de interese económico europeas (Regulamento (CEE) nº 2137/85 do Consello, do 25 de xullo de 1985), as persoas xurídicas e entidades sen personalidade xurídica que carezan de nacionalidade española e para os establecementos permanentes e sucursais de entidades no residentes en territorio español nos termos que establece a normativa tributaria.

As restantes persoas xurídicas e as persoas físicas, anque non están obrigadas, presentarán tamén as facturas emitidas, preferentemente, en formato electrónico.

Órgano con competencias en materia de contabilidade pública:

Departamento de Contabilidade e Tesourería Servizos Xerais de Portos de Galicia

DESTINATARIO: Entidade Pública Portos de Galicia.

As facturas serán pagadas de acordo coas estipulacións recollidas nos pregos de cláusulas administrativas que rexen a presente contratación, así como coas condicións descritas na proposta presentada polo respectivo adxudicatario.

18. CESIÓN DO CONTRATO E SUBCONTRATACIÓN

Permítese a cesión do contrato nas condicións definidas na cláusula 51 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Permítese a subcontratación, nas seguintes condicións:

- Esíxese a presentación dunha declaración sobre a parte do contrato que o licitador teña previsto subcontratar nos termos do artigo 215.2.a) da LCSP, de acordo co Anexo correspondente do PCAP. A oferta económica da empresa licitadora non poderá deducirse en ningún caso da declaración de subcontratación, de tal xeito que se garanta que a mesma non se coñecerá ata a apertura do sobre C (proposición económica). Desta maneira respéctase o indicado no artigo 139.2 da LCSP no que se refire ao segredo das proposicións.
- O contratista poderá subcontratar a realización das obras obxecto do contrato con terceiros nas condicións definidas na cláusula 52 do prego de cláusulas administrativas particulares e no artigo 215 da LCSP.
- O contratista deberá cumprir coas obrigas relativas ao pagamento aos subcontratistas e subministradores establecidas polo artigo 216 da LCSP. No caso de demora no pago, o subcontratista ou subministrador terá dereito aos xuros de demora e á indemnización polos custes de cobro nos termos previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas relacións comerciais.
- O contratista deberá cumprir coas obrigas relativas aos pagos a subcontratistas e subministradores relacionadas no artigo 216 da LCSP, e remitir ao responsable do contrato, cando o solicite, a información que permita a comprobación do cumprimento destas obrigas.

19. LUGAR DE EXECUCIÓN DA OBRA

VALGA (PONTEVEDRA)





20. PENALIDADES ESPECÍFICAS

O réxime de penalidades é o indicado na cláusula 46 do PCAP

21. MODIFICACIÓN DO CONTRATO

Permítese nas condicións definidas na cláusula 50 do PCAP

Modificacións previstas NON

NON PREVISTAS NO PCAP: estarase ao disposto nos artigos 205, 206 e 207 da LCSP.

22. RESOLUCIÓN DO CONTRATO

Aos efectos de aplicación do artigo 211 da LCSP, serán consideradas causas de resolución, as sinaladas na cláusula 58 do PCAP

Do mesmo xeito terán esta condición de obrigas contractuais esenciais do artigo 211.1.f) da LCSP o establecido nas letras a) e e) do artigo 122.2 desta Lei, consonte á redacción deste precepto 122 dada polo Real Decreto Lei 14/2019, do 31 de outubro; singularmente o incumprimento da condición esencial a efectos de resolución, da normativa nacional e europea de protección de datos persoais.

23. CUMPRIMENTO DO CONTRATO E RECEPCIÓN DE OBRAS

Segundo as condicións definidas na cláusula 53 do PCAP.

24. NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA

As notificacións aos licitadores realizaranse a través do SILEX.

25. INFORMACIÓN DE CARÁCTER CONFIDENCIAL

De conformidade co disposto na cláusula 20.1 do PCAP os licitadores deberán identificar a información e/ou documentación incluída na súa oferta que ten a consideración de “confidencial”. Esta circunstancia deberá reflectirse na declaración complementaria do Anexo II e no propio documento sinalado como tal en forma sobreimpresa, á marxe do mesmo ou de calquera outra forma visible.

En canto ao tratamento da información declarada como confidencial, se estará ao disposto na cláusula 20.1 do PCAP.

26. INFORMACIÓN DO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN e CONTACTO PARA CONSULTAS RELACIONADAS CO EXPEDIENTE

Órgano de Contratación: A presidencia de Entidade Pública Portos de Galicia, Área Central, Fontiñas, Portal 5 A 6º B Santiago de Compostela (A Coruña).





Responsable do Contrato: a persoa que exerza a Dirección Facultativa (artigo 62.2 da LCSP)

Departamento ou Servizo: Área de Infraestruturas, Medio Ambiente e Área Central, Fontiñas, Portal 5 A 6º B Santiago de Compostela (A Coruña). Tlfno: 981 95 75 51

Perfil do contratante: A forma de acceso ao perfil do contratante da entidade pública Portos de Galicia a través da Plataforma SILEX

Para consultas relacionadas co expediente:

S^a. Xeral-Asesoría Xurídica/Contratación: 981 95 70 55/981 95 70 25

Correo electrónico.: concepción maceira.miras@portosdeg Galicia.com.

As consultas en relación ao SILEX formularanse no seguinte teléfono (881 955 900) e/ou no correo electrónico (cau@cixtec.es)

27. INFORMACIÓN PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento:	Director Xeral de Portos de Galicia
Finalidades do tratamento:	Execución dun contrato administrativo de obras.
Lexitimación para o tratamento:	Artigo 6.1.b) do Regulamento 2016/679 (UE) xeral de protección de datos persoais (RXPDP): tratamento necesario para a execución dun contrato no que a parte interesada é parte ou para a aplicación por petición desta de medidas precontractuais. Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD) Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e o Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP). Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro (TRLRFO)
Destinatarios dos datos:	Plataforma de Contratos Públicos de Galicia (artigo 63 LCSP), Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia (Consellería de Facenda) (Título V TRLRFO), Consello de Contas (artigo 4 Lei 6/1985, de 24 de xuño), Tribunal de Cuentas (artigo 4 LO 2/1982, de 12 de maio)
Exercicio de dereitos:	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou en calquera das Oficinas de





	registro e información propias da Xunta de Galicia segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-dos-dereitos .
Contacto delegado de protección de datos e información adicional:	http://www.portosdeg Galicia.gal/gl/web/portos-de-galicia/informacion-regulamento-europeo-xeral-de-proteccion-de-datos .





PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES DE PORTOS DE GALICIA QUE REXERÁ NO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO DA LCSP PARA A CONTRATACIÓN DA OBRA «EMBARCADOIRO EN VALGA» (PONTEVEDRA)

(EXPEDIENTE.: 5/2015/Proyectos)

ÍNDICE

I. RÉXIME XERAL DA CONTRATACIÓN

- 1. Réxime xurídico da contratación
- 2. Procedemento de adxudicación e forma de tramitación
- 3. Prerrogativas da Administración
- 4. Sistema de recursos. Recursos administrativos ordinarios
- 5. Xurisdición competente

II. ELEMENTOS DO CONTRATO

- 6. Obxecto do contrato
- 7. Variantes e melloras
- 8. Perfil do contratante e información aos licitadores
- 9. Notificacións electrónicas
- 10. Prazo de execución

III. INFORMACIÓN ORZAMENTARIA

- 11. Orzamento base de licitación e valor estimado do contrato
- 12. Prezo do contrato
- 13. Revisión de prezos
- 14. Existencia de crédito

IV. CAPACIDADE PARA CONTRATAR

- 15. Capacidade para contratar
- 16. Unións temporais de empresas
- 17. Sucesión do contratista

V. SOLVENCIA, CLASIFICACIÓN. HABILITACIÓN

18. Solvencia

- 18.1. Solvencia económica e financeira
- 18.2. Solvencia técnica ou profesional
- 18.3. Integración da solvencia con medios externos
- 18.4. Compromiso de adscrición de medios
- 18.5. Clasificación
- 18.3. Habilitación

VI. LICITACIÓN

19. Sistema de licitación electrónica da Xunta de Galicia (SILEX)

- 19.1. Obrigatoriedade do SILEX





[19.2. Condicións de uso do sistema de licitación electrónica \(SILEX\)](#)

[20. Presentación das proposicións](#)

[20.1. Confidencialidade das proposicións](#)

[21. Lugar e prazo de presentación das proposicións](#)

[22. Forma de presentación das proposicións. Sobre único electrónico: documentación administrativa e proposición](#)

[23. Emenda da documentación](#)

[VII. PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN](#)

[24. Mesa de contratación](#)

[25. Criterios de adxudicación](#)

[25.1. Oferta económica](#)

[25.2. Ofertas anormalmente baixas](#)

[25.3. Ampliación do prazo de garantía](#)

[25.4. Porcentaxe adicada ao control externo de calidade](#)

[25.5. Puntuación final](#)

[25.6. Criterios de desempate](#)

[26. Apertura e exame do sobre único electrónico](#)

[27. Avaliación, clasificación das ofertas e proposta de adxudicación](#)

[28. Garantía definitiva](#)

[29. Documentación previa á adxudicación](#)

[30. Adxudicación](#)

[31. Actas](#)

[32. Formalización do contrato](#)

[VIII. EXECUCIÓN DO CONTRATO](#)

[33. Responsable do contrato e Dirección Facultativa](#)

[34. Comprobación da reformulación](#)

[35. Programa de traballo](#)

[36. Plan de seguridade e saúde no traballo](#)

[37. Sinalización das obras](#)

[38. Accesibilidade e supresión de barreiras](#)

[39. Condicións de execución e responsabilidade da persoa contratista](#)

[39.1. Principio de risco e ventura](#)

[39.2. Normativa ambiental](#)

[39.3. Risco de incendios](#)

[39.4. Danos e prexuízos a terceiros](#)

[39.5. Obrigas laborais e sociais](#)

[39.6. Autorizacións e licenzas](#)

[39.7. Gastos esixibles ao contratista](#)

[40. Condicións especiais de execución](#)





[40.1. Condicións especiais de execución en relación coas condicións laborais mínimas](#)

[40.2. Condicións especiais de execución en relación á subcontratación](#)

[40.3. Condicións especiais de execución relativas a medidas medioambientais](#)

[41. Control de calidade, ensaios e análises de materiais e unidades de obra](#)

[42. Propiedade e explotación dos traballos](#)

[43. Protección de datos de carácter persoal](#)

[44. Confidencialidade e deber de sigilo](#)

[45. Obriga de transparencia](#)

[46. Penalidades](#)

[46.1. Prazos e penalidades por demora](#)

[46.2. Outras penalidades](#)

[46.3. Procedemento de imposición de penalidades](#)

[47. Pagamento á persoa contratista e transmisión dos dereitos de cobro](#)

[47.1. Pagamento á persoa contratista](#)

[47.2. Transmisión dos dereitos de cobro](#)

[48. Factura electrónica](#)

[49. Suspensión do contrato](#)

[IX. MODIFICACIÓN DO CONTRATO](#)

[50. Modificación do contrato](#)

[50.1. Modificacións previstas](#)

[50.2. Modificacións non previstas](#)

[X. CESIÓN E SUBCONTRATACIÓN](#)

[51. Cesión](#)

[52. Subcontratación](#)

[52.1. Réxime](#)

[52.2. Requisitos](#)

[52.3. Incumprimento dos requisitos](#)

[52.4. Pagamento a subcontratistas ou subministradores](#)

[XI. EXTINCIÓN DO CONTRATO](#)

[53. Cumprimento do contrato e recepción das obras](#)

[54. Medición xeral e certificación final das obras](#)

[55. Prazo de garantía e responsabilidade por vicios ocultos](#)

[56. Liquidación da obra e devolución e cancelación da garantía definitiva](#)

[57. Responsabilidade por vicios ocultos](#)

[58. Resolución do contrato](#)





I. RÉXIME XERAL DA CONTRATACIÓN

1. Réxime xurídico da contratación

O contrato ao que se refire o presente prego tipifícase como contrato de obras de carácter administrativo, de conformidade co establecido nos artigos 13 e 25 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante LCSP), modificada polo Real Decreto-Lei 14/2019, do 31 de outubro, de medidas urxentes en materia de seguridade dixital, contratación do sector público e telecomunicacións, e polo real Decreto-Lei 3/2020, do 4 de febreiro, que incorpora ao ordenamento xurídico español diversas directivas da Unión Europea no ámbito da contratación pública en determinados sectores; de seguros privados; de plans e fondos de pensións; do ámbito tributario e de litixios fiscais, e ambas as dúas partes quedan sometidas á dita lei e, no que non se opoña á mesma, á seguinte normativa:

- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento da lei de contratos das administracións públicas (BOE núm. 257, de 26 de outubro de 2001) (en adiante RXLCAP) e ao Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos del sector público (BOE núm. 118, de 15 de maio de 2009), ou as normas regulamentarias que os substitúan.
- Lei 14/2003, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.
- Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración.
- Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
- En todo caso, o contrato quedará suxeito á normativa nacional e da Unión Europea en materia de protección de datos, nomeadamente ao Regulamento Europeo 679/2016/UE do Parlamento europeo e da Comisión, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e á Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Demais normas e disposicións de igual ou inferior rango que modifiquen ou complementen as anteriores e que sexan de aplicación. De forma supletoria rexerán as normas xerais do dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado, e en todo caso o contrato quedará suxeito á normativa nacional e da Unión Europea en materia de protección de datos.

O presente prego, incluído o seu cadro de características, así como tódolos documentos do proxecto cuxas obras son obxecto de licitación, revestirán carácter contractual. Así mesmo terá carácter contractual o programa de traballo que resulte aceptado pola Administración, segundo as condicións do presente prego e unha vez aprobado polo órgano de contratación.

No caso de discordancia entre este prego e calquera do resto de documentos contractuais, prevalecerá este prego.



Tamén será de aplicación, no non previsto no presente prego, o prego de cláusulas administrativas xerais para a contratación de obras do Estado aprobado polo Decreto 3854/1970, do 31 de decembro, en canto non se opoña ao disposto na lei ou no regulamento e demais normativa citada no parágrafo anterior.

2. Procedemento de adxudicación e forma de tramitación

A adxudicación realizarase mediante o procedemento aberto ordinario, de acordo cos artigos 156 a 158 da LCSP ou simplificado, de acordo co artigo 159 da LCSP, segundo se especifique no CCC.

A tramitación do expediente será ordinaria ou urxente segundo se indique no CCC.

3. Prerrogativas da Administración

O órgano de contratación ostenta as prerrogativas de interpretar o contrato, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, declarar a responsabilidade imputable ao contratista a raíz da execución do contrato, suspender a execución do mesmo, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, con suxeición á normativa aplicable. Igualmente ostenta a facultade de inspección das actividades desenvolvidas polos contratistas durante a execución do contrato nos termos e límites sinalados pola lei.

Nos procedementos que se instrúan para a adopción de acordos relativos ás prerrogativas establecidas no parágrafo anterior, deberá darse audiencia ao contratista, e os acordos que adopte o órgano de contratación porán fin á vía administrativa e serán inmediatamente executivos de conformidade co establecido no artigo 191.4 da LCSP.

En atención ao establecido nos artigos 132.3 da LCSP e 23.3 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os órganos de contratación notificarán á Comisión Galega da Competencia calquera feito do cal teñan coñecemento no exercicio das súas funcións que poida constituir infracción da lexislación de defensa da competencia. En particular, comunicarán calquera indicio de acordo, decisión ou recomendación colectiva, práctica concertada ou conscientemente paralela entre os licitadores que teña por obxecto, produza ou poida producir o efecto de impedir, restrinxir ou falsear a competencia no proceso de contratación.

4. Sistema de recursos. Recursos administrativos ordinarios

Os actos que se diten no procedemento de adxudicación derivado deste prego poderán ser obxecto de recurso de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, así como na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.





5. Xurisdición competente

A resolución das cuestións litixiosas relativas á preparación, adxudicación, efectos, modificación e extinción dos contratos administrativos, derivados do presente expediente, serán competencia da orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

II. ELEMENTOS DO CONTRATO

6. Obxecto do contrato

6.1 O obxecto do contrato, así como os códigos da nomenclatura Vocabulario común de contratos (CPV) da Comisión Europea e da nomenclatura da Clasificación de produtos por actividades (CPA) correspondentes son os sinalados no cadro de características.

6.2 A licitación versará sobre a totalidade da obra contemplada no proxecto construtivo consonte ás indicacións establecidas no seguinte PCAP. No caso de que se prevexan lotes poderase licitar pola totalidade ou por algún ou algúns destes, salvo que no cadro de características se limite o número de lotes a que se poden presentar. En caso de licitar pola totalidade especificarase, en todo caso, a oferta de cada lote.

6.3 A obra executarase conforma ao establecido no proxecto construtivo, ou de ser o caso a memoria técnica valorada, o programa de traballo presentado pola empresa con posterioridade á adxudicación e aprobado por Portos de Galicia e pola dirección de obra e as condicións que figuran no presente prego de cláusulas administrativas particulares, no cadro de características, os cales terán carácter contractual. A empresa adxudicataria queda plenamente vinculada polos criterios de adxudicación ofertados.

6.4 A necesidade do contrato deberá motivarse conforme ao artigo 28 da Lei 9/2017, dando cumprimento ao disposto no artigo 116.1 da LCSP 2017, na redacción dada pola Real Decreto-Lei 14/2019, do 31 de outubro.

7. Variantes e melloras

Cando así se indique no cadro de características deste prego, admitirase a presentación de variantes ou melloras sobre os elementos e nas condicións que no dito cadro se determinan, e de conformidade co establecido nos artigos 142 e 145 da LCSP.

8. Perfil do contratante e información aos licitadores

O perfil de contratante está aloxado na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia www.contratosdegalicia.gal (en diante PCPG) onde se poderá consultar toda a documentación e información de relevancia do procedemento.





De conformidade co disposto no artigo 138 da LCSP o órgano de contratación ofrecerá acceso aos pregos e demais documentación complementaria por medios electrónicos a través do perfil do contratante, acceso que será libre, directo, completo e gratuíto, e poderá efectuarse dende a data de publicación do anuncio de licitación.

Os órganos de contratación proporcionarán a tódolos interesados no procedemento de licitación, a mais tardar 6 días antes de que remate o prazo fixado para a presentación de ofertas, aquela información adicional sobre os pregos e demais documentación complementaria que estes soliciten, a condición de que a pedisen cunha antelación mínima de 12 días naturais antes do fin do prazo de presentación de proposicións. As respostas serán vinculantes para o órgano de contratación e publicaranse na PCPG.

Excepcionalmente, por razóns técnicas xustificadas ou razóns de confidencialidade, os interesados poderán examinar os pregos e documentación complementaria nas oficinas sinaladas no anuncio de licitación e no propio perfil.

9. Notificacións electrónicas

As notificacións practicaranse de forma exclusivamente electrónica no Sistema de Licitación Electrónica de Galicia (SILEX), debendo indicar a correspondente dirección de correo electrónico.

10. Prazo de execución

O prazo de execución total previsto pola Administración para a execución das obras será o especificado no cadro de características do presente prego e terá, en todo caso, carácter de prazo máximo.

Os prazos parciais serán os que se fixen na aprobación do programa de traballo. No cadro de características poderanse especificar os prazos parciais que serán vinculantes para o contratista e terán que ser recollidos no programa de traballo que presente. Estes prazos parciais poderán dar lugar ás recepcións parciais a que se refire o artigo 243.5 da LCSP.

A execución do contrato iniciárase co acta de comprobación do reformulación (replanteo). A tales efectos, dentro do prazo que se consigne no contrato que non poderá ser superior a un mes dende a data de formalización, salvo casos excepcionais xustificadas, o servizo de Portos de Galicia encargado das obras procederá, en presenza do contratista, a efectuar a comprobación de reformulación (replanteo) feito previamente á licitación, estendéndose acta do resultado que será asinada por ambas as partes interesadas conforme ao disposto no artigo 237 da LCSP.

Os devanditos prazos comezarán a contarse a partir do día seguinte ao da subscripción da acta de comprobación da reformulación (replanteo). Esta acta e os prazos parciais que poidan fixarse ao aprobar o programa de traballo, cos efectos que nesta aprobación se determinen, entenderanse integrantes do contrato, para os efectos da súa esixibilidade.



De conformidade co establecido no artigo 195.2 da LCSP, o dito prazo de execución poderá ampliarse cando o contratista non poida cumprilo por causas totalmente imprevistas e que non lle sexan imputables, sempre que as xustifique debidamente.

Así mesmo, o prazo de execución poderá ser prorrogado de conformidade co establecido no artigo 29.2 da LCSP, se así se establece no cadro de características deste prego. No suposto de que o contrato se prorrogue, as súas características permanecerán inalterables durante o período de duración desta agás as modificacións que se poidan introducir conforme ao 203 ao 207 da LCSP.

III. INFORMACIÓN ORZAMENTARIA

11. Orzamento base de licitación e valor estimado do contrato

Por orzamento base de licitación, entenderase o límite máximo de gasto que en virtude do contrato pode comprometer o órgano de contratación, incluído o Imposto sobre o Valor Engadido (IVE). Este orzamento base de licitación é o fixado no cadro de características.

Para tódolos efectos entenderase que o devandito orzamento base de licitación comprende tódolos gastos, directos ou indirectos, que o contratista deba realizar para a normal execución da obra e toda clase de taxas e impostos directos ou indirectos que resulten de aplicación segundo as disposicións vixentes.

O valor estimado do contrato indicarse no cadro de características e determínase de conformidade coas previsións do artigo 101 da LCSP.

No caso de que se establezan lotes, o valor estimado para cada lote fíxase no cadro de características.

A distribución por anualidades que abarca este contrato está fixada no apartado 2.1 do cadro de características. De selo caso, de conformidade co establecido no artigo 58.2 do Decreto Lexislativo 1/1999, de 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (DOG núm. 214, de 5 de novembro de 1999), a autorización de gastos de carácter plurianual subordinarase aos créditos que para cada exercicio económico se consigne nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.

O órgano de contratación ten a facultade de axustar as anualidades, cando as esixencias de execución o aconsellen, de conformidade co procedemento legalmente establecido.

12. Prezo do contrato

O prezo do contrato será o que resulte da súa adxudicación e incluírá, como partida independente, o IVE.



Os prezos ofertados indicaranse en euros.

No suposto de que a solución elixida sexa coincidente coa do proxecto base aprobado pola Administración, o orzamento do contrato e os prezos unitarios que rexerán durante a execución da obra serán os do proxecto base de licitación, afectados pola aplicación do coeficiente de adjudicación que se deducirá dividindo o importe da oferta económica presentada pola persoa que resulte adjudicataria da obra polo orzamento de execución por contrata aprobado pola Administración e non será superior á unidade.

No caso de que se presente unha solución variante e resulte seleccionada, o orzamento do contrato e os prezos unitarios que rexerán durante a execución da obra serán os do proxecto presentado, correspondente á oferta variante seleccionada, afectados pola aplicación do coeficiente de adjudicación resultante, o cal non poderá ser superior á unidade. O dito coeficiente deducirase dividindo o importe da oferta económica da variante seleccionada polo orzamento de execución por contrata do proxecto presentado, correspondente á dita oferta variante.

O prezo ten carácter global, polo que inclúe tódolos factores de valoración e impostos que se deriven por razón do contrato. No prezo do contrato entenderanse incluídos os tributos ou taxas de calquera índole que sexan de aplicación, así como tódolos gastos que se orixinen para a persoa adjudicataria como consecuencia do cumprimento das obrigas contempladas no prego.

Tódolos gastos que se orixinen para a persoa adjudicataria como consecuencia do cumprimento das obrigas recollidas no presente prego e demais disposicións de aplicación, e que non figuren recollidos no proxecto obxecto de licitación entre os custos directos e indirectos de execución, consideraranse incluídos na porcentaxe de Gastos Xerais.

13. Revisión de prezos

A procedencia ou non da revisión de prezos periódica e predeterminada, o sistema, índice ou fórmula de revisión de prezos aplicable á presente contratación, así como o seu sistema de aplicación, de selo caso, indícanse no cadro de características do contrato, de acordo co previsto nos artigos 103 a 105 da LSCP. O sistema, índice ou fórmula indicados tamén se aplicarán no caso de prórroga do contrato.

De proceder esta, a fórmula de revisión de prezos axustarase ás aprobadas polo Real decreto 1359/2011, do 7 de outubro, polo que se aproba a relación de materiais básicos e as fórmulas tipo xerais de revisión de prezos dos contratos de obras e de contratos de subministración de armamento e equipamento das Administracións Públicas.

A revisión de prezos terá lugar, se fora o caso, cando o contrato se executase polo menos no 20 por cento do seu importe e transcorresen dous anos dende a súa formalización.





14. Existencia de crédito

O orzamento deste contrato será financiado con cargo á aplicación orzamentaria indicada no cadro de características, na que se garante que existe crédito orzamentario axeitado e suficiente para atendelas obrigas que deriven para Portos de Galicia do cumprimento do contrato ata a súa conclusión.

No caso de tramitación anticipada do gasto, a adxudicación do contrato sométese á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio correspondente para facer fronte ás obrigacións derivadas do contrato.

15. Gastos de publicidade

De acordo cos artigos 157 e 159.2 da LCSP, segundo corresponda, o anuncio de licitación só se publicará no perfil do contratante, polo que non se xerarán gastos de publicidade.

IV. CAPACIDADE PARA CONTRATAR

16. Capacidade para contratar das persoas naturais e xurídicas.

Segundo o establecido no artigo 65.1 da LCSP, están facultadas para contratar co sector público as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras que, teñan plena capacidade de obrar, non estean comprendidas nalgunha das circunstancias inhabilitantes de contratar previstas no artigo 71 da LCSP, consonte á redacción deste precepto dada pola Real Decreto Lei 14/2019, do 31 de outubro, e acrediten a súa solvencia económica e financeira, e técnica ou profesional ou, nos casos nos que así sexa esixible, se atopen debidamente clasificadas.

As persoas xurídicas so poderán ser adxudicatarias de contratos cuxas prestacións estean comprendidas dentro dos fins, obxecto ou ámbito de actividade que, a teor dos seus estatutos ou regras fundacionais, lles sexan propios.

Así mesmo, deberán contar coa habilitación empresarial ou profesional que, no seu caso sexa esixible para a realización das prestacións que constitúan o obxecto do contrato.

No caso de procedemento simplificado, segundo o artigo 159.4, os licitadores que se presenten ás licitacións realizadas a través do procedemento aberto simplificado (cando sexa este o procedemento aplicado) deberán estar inscritos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia na data límite de presentacións de ofertas sempre que non se vexa limitada a concorrência. Polo tanto a acreditación da capacidade deberá realizarse mediante os correspondentes certificados de inscrición nos devanditos rexistros.





As empresas non españolas dos Estados membros da Unión Europea ou dos Estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo teñen capacidade para contratar sempre que, conforme á lexislación do Estado en que estean establecidas, se encontren habilitadas para realizala prestación que constitúe o obxecto do contrato. A capacidade das empresas non comunitarias rexerase polo disposto no artigo 68 da LCSP.

De conformidade co disposto no artigo 70 da LCSP o órgano de contratación tomará as medidas axeitadas para garantir que a participación na licitación das empresas que participasen previamente na elaboración das especificacións técnicas ou dos documentos preparatorios do contrato ou asesorasen ao órgano de contratación durante a preparación do procedemento de contratación, non falsee a competencia.

Unións temporais de empresas

Segundo o disposto no artigo 69 da LCSP, poderán contratar co sector público as unións de empresas que se constitúan temporalmente ao efecto, sen que sexa necesaria a formalización das mesmas en escritura pública ata que se efectúe a adxudicación do contrato ao seu favor.

As persoas empresarias que concorran agrupadas en unións temporais quedarán obrigadas solidariamente e deberán nomear un/unha representante ou apoderado/a único/a da unión, con poderes bastantes para exercer os dereitos e cumprir as obrigas que do contrato se deriven ata a extinción do mesmo, sen prexuízo da existencia de poderes mancomunados que poidan outorgar para cobros e pagamentos de contía significativa.

A efectos da licitación, deberán indicar os nomes e circunstancias dos que a constitúen e a participación de cada un, así como que asumen o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal no caso de resultar adxudicatarios do contrato. A duración das unións temporais de empresarios será coincidente, polo menos, coa do contrato ata a súa extinción.

As unións temporais poderán darse de alta no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público (ROLECSP) ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, que especificará tal circunstancia. Se xa estivesen inscritos no citado Rexistro unicamente deberán comunicarlle a este, na forma que se estableza regulamentariamente, o seu interese no sentido indicado.

Consonte prescribe o artigo 24 do RXLCAP, para que durante a fase previa á adxudicación do contrato a unión temporal sexa eficaz fronte a Portos de Galicia será necesario que cada unha das persoas empresarias que compoñen a agrupación, deberá acreditar a súa capacidade de obrar e a solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, de conformidade aos artigos 74 e seguintes e 86 e seguintes da LCSP, e aos artigos 9 a 16 do RXLCAP, sen prexuízo da posibilidade de acumulación a efectos da solvencia establecida no artigo 24 do RXLCAP, así como da clasificación de conformidade co disposto no artigo 52 do RXLCAP e que indiquen en documento privado os nomes e circunstancias daqueles que a subscriban, a participación de cada un deles e que asumen o compromiso de constituírse en unión temporal de empresas no caso de resultar adxudicatarios. O dito escrito deberá designar a persoa que durante a vixencia do contrato ostenta a representación de todos eles fronte a Portos de Galicia.



17. Sucesión do contratista

Nos casos de fusión, escisión, aportación ou transmisión de empresas ou ramas de actividade das mesmas, estarase ao disposto no artigo 98 da LCSP.

Así mesmo, de tratarse dunha unión temporal de empresas, estarase ao establecido no artigo 69 da LCSP.

V. SOLVENCIA, CLASIFICACIÓN. HABILITACIÓN

En defecto do que se estipule para cada licitación no Cadro de Características do Contrato.

18. Solvencia

Para celebrar contratos co sector público os empresarios deberán acreditar estar en posesión das condicións mínimas de solvencia económica e financeira e profesional ou técnica que se indican a continuación. Este requisito poderá ser substituído polo da clasificación correspondente, sinalada no cadro de características.

Os empresarios non españois de Estados membros da Unión Europea acreditarán a súa solvencia, económica e financeira e técnica ou profesional a través dos mesmos medios de xustificación que os empresarios españois.

A acreditación da solvencia comprobarase, de acordo co previsto na LCSP e a cláusula 27 deste prego, no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas ou no Rexistro Xeral de contratistas da Xunta de Galicia, agás que algún deses datos non conste no mesmo.

Os certificados de clasificación ou documentos similares que fosen expedidos por Estados membros da Unión Europea a favor dos seus propios empresarios constituíran unha presunción de aptitude nos termos sinalados no artigo 97.1 da LCSP.

En todo caso, o órgano de contratación, para garantir o bo fin do procedemento, poderá solicitar, en calquera momento anterior á adopción da proposta de adxudicación, que os licitadores acheguen documentación acreditativa do cumprimento das condicións establecidas para seren adxudicatarios do contrato. A mesa de contratación ou o órgano de contratación poderá solicitar dos licitadores as aclaracións sobre os certificados e documentos presentados que consideren pertinentes, ou requirilos para a presentación doutros complementarios.

Toda a documentación que presenten os licitadores deberá ser documentación orixinal ou ben copias que teñan carácter de auténticas ou compulsadas conforme a lexislación vixente na materia.



De conformidade co artigo 69.5 da LCSP, para os casos en que sexa esixible a clasificación e concorran nunha unión de empresarios, nacionais, e estranxeiros que non sexan nacionais dun Estado membro da Unión Europea nin un Estado signatario do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo e estranxeiros que sexan nacionais dun Estado membro da Unión Europea ou dun Estado signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, os que pertencen aos dous primeiros grupos deberán acreditar a súa clasificación, e estes últimos a súa solvencia técnica ou profesional nos termos do artigo 87.3 da LCSP.

18.1. Solvencia económica e financeira

Ao abeiro do artigo 87. 3 da LCSP, acreditarase do seguinte xeito:

Reputarase solvente aquela empresa que teña un volume anual de negocios, ou ben un volume anual de negocios no ámbito ao que se refire o contrato, referido ao mellor exercicio dentro dos tres últimos dispoñibles, en función das datas de constitución ou de inicio de actividades do empresario e da presentación das ofertas por importe igual ou superior ao esixido no anuncio de licitación ou na invitación a participar no procedemento e nos pregos do contrato ou, no seu defecto, ao establecido regulamentariamente.

Para os contratos non suxeitos ao requisito de clasificación, cando os pregos non concreten criterios e requisitos mínimos, considerarase solvente o licitador que acredite un volume de negocios referido ao mellor exercicio dentro dos tres últimos anos concluídos, igual ou superior ao 75% do valor estimado do contrato, IVE excluído.

Medio de acreditación: Contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivese inscrito no dito rexistro, e no caso contrario, as contas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

18.2. Solvencia técnica ou profesional

Ao abeiro do artigos 88 e 76 da LCSP " Estes compromisos integraranse no contrato, debendo os pregos ou o documento contractual, atribuírlles o carácter de obrigacións esenciais aos efectos previstos no artigo 211, ou establecer penalidades, conforme ao sinalado no artigo 192.2 para o caso de que se incumpran polo adxudicatario" e deberán xustificarse polos dous medios seguintes:

a) Obras similares

- Medio: Relación, selada e asinada (necesariamente segundo o cadro modelo que se reflicte a continuación), das principais obras realizadas como contratista principal nos últimos 5 anos que inclúa importe, datas e destinatarios públicos ou privados das mesmas. As obras efectuadas acreditaranse mediante certificados de boa execución que indiquen o importe, as datas e o lugar





de execución da obras, e precisárase se se realizaron segundo as regras polas que se rexe a profesión e se levaron normalmente a bo termo. Os ditos certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.

Relación das obras similares executadas no curso dos últimos cinco anos, acompañada de certificados de boa execución ou no seu caso declaración do licitador				
Denominación e obxecto concreto	Importe (sen IVE)	Data de inicio (día/mes/ano)	Data de finalización de execución (día/mes/ano)	Destinatario (público/ privado)

Cando o destinatario da obra sexa un suxeito privado, mediante unha certificación expedida por este, ou a falta desta certificación, mediante unha declaración do representante legal da empresa.

Só se terán en conta as obras relacionadas co obxecto da presente contratación, respecto das cales se aporten as certificacións ou declaración do licitador a que se fai referencia neste apartado.

Para realizar a valoración da súa relación ou non co obxecto correspondente á presente contratación, deberán estar correctamente identificados os respectivos obxectos dos traballos referidos. A tal efecto valoraranse os traballos comprendidos no mesmo grupo ou subgrupo de clasificación que o correspondente ao contrato.

O citado período de cinco anos abranguerá dende os 5 anos anteriores e ata o día correspondente á da publicación desta licitación inclusive. A data de referencia é polo tanto o día de publicación a estes efectos.

- Criterios de selección e requisitos mínimos: No ano de maior execución do período antes indicado deberá de acreditarse ter executado un importe anual acumulado igual ou superior ao 70% da anualidade media do contrato, IVE excluído.

O incumprimento da concreción das condicións de solvencia dará lugar á imposición das penalidades sinaladas no apartado 46.2 do PCAP. Os medios establecidos nos apartados anteriores para a acreditación da solvencia rexerán para empresas non españolas de estados membros da Unión Europea.



18.3. Integración da solvencia con medios externos

Segundo se establece no artigo 75 da LCSP para acreditar a solvencia necesaria para celebrar un contrato determinado, a empresa poderá basearse na solvencia e medios doutras entidades, independentemente da natureza xurídica dos vínculos que teña con elas, sempre que demostre que durante toda a duración da execución do contrato disporá efectivamente desa solvencia e medios, e a entidade á que recorra non estea incurso nunha prohibición de contratar.

Non obstante, con respecto aos criterios relativos aos títulos de estudos e profesionais que se indican no artigo 88.1.c), ou a experiencia profesional pertinente as empresas unicamente poderán recorrer as capacidades doutras entidades se estas van executar as obras ou prestar servizos para os que son necesarias as ditas capacidades.

Nas mesmas condicións, as persoas empresarias que concorran agrupados nas unións temporais ás que se refire o artigo 69 da LCSP, poderán recorrer ás capacidades de entidades alleas á unión temporal.

Cando unha empresa desexe recorrer ás capacidades doutras entidades, demostrará que vai dispoñer dos recursos necesarios mediante a presentación a tal efecto do compromiso por escrito das ditas entidades.

O compromiso ao que se refire o parágrafo anterior achegarase polo licitador que presentase a mellor oferta de conformidade co disposto no artigo 145 da LCSP, previo requirimento cumprimentado de conformidade co establecido no artigo 150 apartado 2, sen prexuízo do establecido no artigo 3 do artigo 140 .

18.4. Compromiso de adscrición de medios

Nos termos establecidos no artigo 76 da LCSP, a persoa proposta como adxudicataria deberá achegar un compromiso de adscrición á execución do contrato como mínimo, dos medios persoais indicados na cláusula 5.6 do CCC, que deberá incluír a especificación dos nomes e a cualificación profesional do persoal responsable de executar a prestación (Anexos I e V).

Este compromiso integrarase no contrato e neste prego establécense as penalidades que resulten de aplicación (cláusula 46.2).

18.5. Clasificación

Non resulta esixible a clasificación do artigo 77.1 da LCSP para os contratos de obras cuxo valor estimado sexa inferior a 500.000 euros, polo que se esixirá ás persoas empresarias unhas condicións mínimas de solvencia económica e financeira e a técnica ou profesional.





Con todo, para os efectos do establecido no artigo 77.1 da LCSP, a clasificación da empresa de obras no grupo ou subgrupo que en función do obxecto do contrato corresponda, con categoría igual ou superior á esixida no cadro de características, acreditará as súas condicións de solvencia para contratar.

Clasificación requirida o substitutiva: A solvencia quedará acreditada se a empresa (incluídas non españolas comunitarias) dispón da seguinte clasificación: Grupo F, Subgrupo 7 Categoría: 3 .

Cando sexa posible acreditar a solvencia mediante a clasificación e concorran á licitación unha unión de empresas integrada por empresas nacionais, estranxeiras que non sexan nacionais dun Estado membro da Unión Europea e estranxeiras que sexan nacionais dun Estado membro da Unión Europea, as que pertencen aos dous primeiros grupos poderán acreditar a súa solvencia mediante a súa clasificación, e estes últimos mediante a súa solvencia económica e financeira e técnica ou profesional.

18.3. Habilitación

No suposto de que se esixa unha habilitación empresarial ou profesional para a realización da obra obxecto do contrato, especificarase esta no cadro de características do prego. En calquera caso a empresa licitadora é responsable de estar en posesión das habilitacións esixidas pola normativa que sexa de aplicación e de acreditar que conta coas mesmas.

En todo caso o contratista deberá contar co seguinte persoal técnico:

- Medio: Declaración indicando o persoal técnico ou organismos técnicos, estean ou non integrados na empresa, dos que esta dispoña para a execución das obras, acompañada dos documentos acreditativos correspondentes cando lle sexa requirido polos servizos dependentes do órgano de contratación.

- Criterios de selección e requisitos mínimos: Deberá contar con, polo menos, os seguintes perfís profesionais:

- Un/ha (1) delegado/a da obra, que conte coa titulación e habilitación profesional que lles faculte para as competencias requiridas polo obxecto do proxecto das obras desta contratación, debendo estar colexiados no caso de ser legalmente esixible para o exercicio de ditas competencias.
- Un/ha (1) xefe/a de obra, que conte, que conte coa titulación e habilitación profesional que lles faculte para as competencias requiridas polo obxecto do proxecto das obras desta contratación, debendo estar colexiados no caso de ser legalmente esixible para o exercicio de ditas competencias.

Ambas figuras poderán concorrer na mesma persoa, salvo que no CCC se indique outros requisitos específicos.





As titulacións e habilitacións profesionais destes técnicos deberán indicarse polo licitador na documentación do arquivo electrónico-sobre A-Documentación Administrativa. Se a Administración estima que non son idóneas estas titulacións e habilitacións, os licitadores poderán emendar este punto, axustándose aos requisitos de titulación e experiencia que se lle indiquen pola Mesa de Contratación.

VI. LICITACIÓN

A documentación da licitación facilitarase en formato electrónico a través do perfil aloxado na Plataforma de contratos de Galicia (www.contratosdegalia.gal)

Os órganos de contratación, de acordo co establecido no artigo 138.3 da LCSP e no número 2 do artigo 22 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, proporcionarán a tódolos interesados no procedemento de licitación, a mais tardar 6 días antes de que finalice o prazo fixado para a presentación de ofertas, aquela información adicional sobre os pregos e demais documentación complementaria que estes soliciten, a condición de que a houbesen pedido ao menos 12 días antes do transcurso do prazo de presentación das proposicións. Dirixiranse as consultas ao enderezo de correo electrónico sinalado no cadro de características deste prego e no perfil do contratante. Portos de Galicia debe facilitar a información, polo menos, 3 días antes da data límite para a recepción de ofertas. As respostas serán vinculantes para o órgano de contratación e publicaranse na Plataforma de contratos públicos de Galicia (PCPG).

19. Sistema de licitación electrónica da Xunta de Galicia (SILEX)

19.1. Obrigatoriedade do SILEX (Sistema de Licitación Electrónica da Xunta de Galicia)

O contrato licitarase a través do Sistema de Licitación Electrónica da Xunta de Galicia (SILEX), regulado pola Orde de 28 de xullo de 2010 (DOG núm. 169, do 2 de setembro), tal como se indica no cadro de características.

O uso do SILEX será obrigatorio para as empresas licitadoras, de modo que non se admitirán proposicións que non se presenten a través deste sistema. A súa utilización permite a presentación de ofertas, o envío e recepción de documentos e a sinatura electrónica do contrato.

As persoas licitadoras, para presentar as súas ofertas a través do Sistema de Licitación Electrónica da Xunta de Galicia (SILEX), deberán ter en conta as especificacións e condicións indicadas nos apartados seguintes.

19.2. Condicións de uso do sistema de licitación electrónica (SILEX)

- Condicións xerais





Modo de acceso ao SILEX: www.conselleriadefacenda.es/silex

A presentación da oferta mediante o SILEX, supón a aceptación expresa e o consentimento da persoa licitadora para a obtención dos datos da empresa que poidan constar no Rexistro Oficial de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, aos únicos efectos da comprobación dos seus datos para esta licitación.

As ofertas enviaranse libres de código malicioso que dificulte ou imposibilite a súa lectura e será responsabilidade das persoas licitadoras velar por que isto sexa así. En calquera caso, a mera presenza de código malicioso na oferta non determinará por si mesma a exclusión desta, sempre que se poida ter acceso ao seu contido.

O sistema de licitación electrónica garante que as ofertas enviadas sexan emitidas e rexistradas de forma que sexa imposible coñecer o seu contido salvo no momento e polo persoal autorizado legalmente para iso. A tal efecto, as ofertas son remitidas á unidade que tramita o expediente, cifradas e fragmentadas.

Garantirase así mesmo, mediante un dispositivo electrónico, que a apertura das proposicións non se realiza ata que remate o prazo para a súa presentación.

- Requisitos das persoas licitadoras

Deben contar cun certificado electrónico válido emitido por unha autoridade certificadora das admitidas pola Consellería de Facenda. A relación dos certificados admitidos pódese consultar en <http://www.conselleriadefacenda.es/servizos-e-tramites/ov-perceptores/certificados-electronicos-admitidos>.

Se a documentación que se achega fora xerada por unha entidade ou organismo diferente do licitador, deberá incluír o código de verificación que permita por parte do órgano de contratación a consulta electrónica directa do documento na sede electrónica ou portal da entidade ou organismo que xerou o dito documento. No seu defecto a documentación achegada debe cumprir cos requisitos necesarios que garantan a súa eficacia e validez de acordo co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común, e no Capítulo VII do Decreto 198/2010, de 17 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración Electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dependentes.

- Requisitos do equipo informático, formatos electrónicos dos documentos e sinatura dixital de ofertas

Para licitar no SILEX, deberanse cumprir os requisitos básicos que se indican no apartado “Axuda” da páxina principal: www.conselleriadefacenda.es/silex

A documentación presentada no SILEX debe estar nun dos formatos seguintes: .doc, .odt, .xls, .ods, ppt, pdf, .rtf, .jpg, .bmp, .tiff, ou calquera outro dos admitidos no SILEX.



Toda a documentación presentada será asinada dixitalmente polo propio SILEX mediante o certificado dixital do licitador no momento da presentación de ofertas. O Sistema permite asinar dixitalmente a documentación da oferta por unha ou varias persoas.

Calquera documento asinado dixitalmente con carácter previo á súa incorporación no SILEX deberá vir en formato pdf, e estar asinado co estándar de sinatura “PDF Advanced Electronic Signatures” (PAdES). Para a correcta sinatura dos documentos en formato PAdES, a Administración porá a disposición dos licitadores a aplicación gratuíta SDX-II que permite a sinatura dos documentos pdf de acordo co estándar de sinatura PAdES. A aplicación SDX-II pódese descargar dende a páxina principal do SILEX.

20. Presentación das proposicións e requisitos das ofertas

No caso de procedementos simplificados, tódalas persoas que se presenten a esta licitación deben estar inscritas no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público (ROLECE), ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia (RXC-Galicia) na data final de presentación de ofertas (Art. 159.4. a LCSP)

As proposicións presentaranse a través do Sistema de Licitación Electrónica da Xunta de Galicia (SILEX) na forma indicada neste prego.

Cada empresa licitadora só poderá presentar unha oferta en relación co obxecto do contrato. Cando se permita a presentación de variantes ou melloras no cadro de características, as variantes ou melloras incluídas na oferta deberán suxeitarse ás condicións establecidas.

A licitadora que presente a súa oferta en unión temporal con outras empresas, non poderá presentar oferta individualmente, nin figurar en mais dunha unión temporal participante na licitación.

O incumprimento do sinalado no parágrafos anteriores dará lugar á inadmisión de tódalas ofertas subscritas pola persoa licitadora.

A presentación de proposicións presume por parte da persoa licitadora a aceptación incondicional das cláusulas deste prego, do cadro de características, así como do proxecto de obra e do prego de prescricións técnicas.

O momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade, solvencia e ausencia de prohibicións de contratar esixidos para contratar co Portos de Galicia será o día de finalización do prazo de presentación das proposicións e deberán subsistir no momento da formalización do contrato. En todo caso, o órgano de contratación, para garantir o bo fin do procedemento, poderá solicitar, en calquera momento anterior á adopción da proposta de adxudicación, que os licitadores acheguen documentación acreditativa do cumprimento das condicións establecidas para seren adxudicatarios do contrato.





20.1. Confidencialidade das proposicións

O órgano de contratación non poderá divulgar a información e/ou documentación facilitada polos licitadores que fose declarada por estes como confidencial, co alcance previsto nos parágrafos seguintes e no artigo 133 da LCSP.

Os licitadores deberán identificar a información e/ou documentación incluída na súa proposición que consideren que debe tratarse como confidencial. Esta identificación deberá realizarse na declaración complementaria do Anexo II deste prego e no propio documento confidencial sinalándoo como tal en forma sobre impresa no mesmo, á súa marxe ou de calquera outra forma visible.

Para que esta identificación sexa válida, os licitadores deberán xustificar expresamente no Anexo II os motivos ou circunstancias polos que se considera que a información sinalada ten o carácter de confidencial por afectar a segredos técnicos ou comerciais ou por poder ser utilizada para falsear a libre competencia, indicando así mesmo, os concretos prexuízos económicos que o seu acceso podería ocasionar para os efectos de que o órgano de contratación poida verificar o mantemento dun adecuado equilibrio dos dereitos de tódolos licitadores, sen que sexa admisible que os licitadores efectúen unha declaración xenérica ou declaren que toda a información e/ou todos os documentos teñen carácter confidencial. Tampouco será admisible unha declaración insuficientemente xustificada.

Deberán xuntar unha memoria onde xustifiquen os motivos ou circunstancias segundo os cales debe recoñecerse este carácter e os concretos prexuízos económicos que o seu acceso podería ocasionar.

O órgano de contratación pode non comunicar determinados datos relativos á adxudicación cando considere, xustificándoo debidamente no expediente, que a divulgación desta información pode obstaculizar a aplicación dunha norma, resultar contraria ao interese público ou prexudicar intereses comerciais lexítimos de empresas públicas ou privadas ou a competencia leal entre elas, entre outros.

O carácter confidencial só afectará a documentos que teñan unha difusión restrinxida e en ningún caso a documentos que sexan publicamente accesibles.

Nos casos nos que o licitador non efectúe a declaración de confidencial, ou ben se efectúe unha declaración xenérica ou incompleta, non se xustifiquen as razóns polas que considera que a documentación reviste carácter confidencial, ou se declare que a totalidade do contido da proposición ten o dito carácter, entenderase esta como inmotivada e o órgano de contratación reservará para si o dereito de considerar que documentación debe considerarse confidencial exonerándoo de toda responsabilidade por calquera erro de apreciación en canto ao carácter confidencial ou non da información facilitada.

O órgano de contratación quedará exonerado de calquera responsabilidade pola divulgación dos documentos ou datos aportados polos licitadores realizada en cumprimento das súas obrigas legais de transparencia e publicidade.





En calquera caso, o deber de confidencialidade do órgano de contratación non poderá impedir a divulgación pública de partes non confidenciais dos contratos celebrados, tal e como indica o artigo 133 LCSP.

De acordo co previsto no artigo 154.7 LCSP, o órgano de contratación pode non comunicar determinados datos relativos á celebración do contrato cando considere, xustificándoo debidamente no expediente, que a divulgación desta información pode obstaculizar a aplicación dunha norma, resultar contraria ao interese público ou prexudicar intereses comerciais lexítimos de empresas públicas ou privadas ou a competencia leal entre elas, entre outros. Neste suposto, deberá observarse o procedemento previsto no artigo 154.7 con carácter previo a decisión de non publicar os datos isto non sexa preciso.

Así mesmo, os datos persoais que o contratista facilite para a formalización e o adecuado desenvolvemento do contrato serán tratados, na súa condición de responsable, por Portos de Galicia. A lexitimación para o tratamento dos datos é o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento de Portos de Galicia, conforme á LCSP.

En relación co parágrafo precedente, os datos persoais proporcionados polo contratista serán tratados coa finalidade de levar a cabo a tramitación xeral de contratación e o desenvolvemento das prestacións derivadas desta, polo que se conservarán mentres sexan necesarios para as devanditas finalidades e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente.

Por outra banda, determinados datos poderán ser publicados, nos termos previstos na lexislación vixente, a través dos distintos medios de comunicación institucionais de que dispón Portos de Galicia, como Diarios Oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios, a fin de dar a publicidade legalmente esixida ao procedemento de contratación.

No caso de que o contratista facilitase datos persoais de terceiros, incluídos os relativos ao persoal ao seu servizo, previamente á súa inclusión deberá informar aos interesados dos extremos establecidos nos parágrafos anteriores.

Non obstante o disposto, os interesados poderán solicitar o acceso, rectificación e supresión dos seus datos, así como exercitar outros dereitos segundo se recolle na información adicional en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

21. Lugar e prazo de presentación das proposicións

As proposicións presentaranse, necesaria e soamente, a teor do establecido no artigo 157.4 ou de ser procedemento simplificado no artigo 159.4.c) da LCSP, a través do SILEX (www.conselleriadefacenda.es/silex), dentro do prazo sinalado no cadro de características deste prego e no anuncio de licitación, así como no perfil do contratante.





22. Forma de presentación das proposicións. Sobre único electrónico: documentación administrativa e proposición

As proposicións constarán dun único sobre ou arquivo electrónico que incluírá a súa vez tres sobres electrónicos de apertura independente uns de outros. Arquivo Electrónico sobre A, Arquivo Electrónico sobre B (de aplicarse criterios avaliábles mediante xuízos de valor) e Arquivo Electrónico sobre C.

Contido:

a) Unha relación de tódolos **documentos incluídos no arquivo (índice)**

b) Declaración do licitador indicando que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración segundo as regras establecidas no artigo 140 da LCSP .

Para tal fin, os licitadores deberán achegar o DEUC (documento europeo de contratación).

Para facilitar a súa formalización, o Anexo I contén instrucións para elaborar o formulario DEUC.

No caso de que o licitador recorra á solvencia e medios doutras empresas de conformidade co artigo 75 da LCSP, cada unha delas deberá presentar un DEUC.

Ao DEUC deberá sempre xuntarse a declaración complementaria que se xunta ao presente prego como Anexo II.

c) Documentación relativa aos criterios non avaliábles mediante fórmulas matemáticas incluírase a seguinte documentación:

1. Unha relación de tódolos documentos incluídos.
2. A documentación acreditativa da oferta en cada un dos criterios avaliábles por xuízos de valor que se indican no cadro de características do contrato.
3. A documentación relativa á subcontratación, segundo se indica no cadro de características do contrato.

Esta documentación deberá estar asinada por quen teña poder suficiente para isto, e non debe conter erros, omisións ou obstáculos para unha interpretación correcta dela.

Se o licitador non achega a documentación relativa a algún destes criterios de adxudicación, ou esta non contén todos os requisitos esixidos, a proposición do dito licitador non será valorada respecto do criterio de que se trate.

A documentación relativa aos criterios de adxudicación que sexan avaliábles de forma automática mediante a aplicación de fórmulas non debe aparecer coa documentación relativa aos criterios





avaliables mediante un xuízo de valor. A infracción deste mandato dará lugar á exclusión do licitador. A infracción a este mandato dará lugar á exclusión do licitador.

A inclusión de documentación relativa aos criterios de adxudicación que sexan avaliados mediante un xuízo de valor xunto á documentación relativa aos criterios avaliados de forma automática mediante a aplicación de fórmulas dará lugar á non valoración da dita documentación.

d) Documentación relativa aos criterios avaliados mediante fórmulas matemáticas

Incluirase a seguinte documentación:

1. Unha relación de tódolos documentos incluídos.
2. A proposición económica e técnica e os compromisos ofertados polo licitador, que se axustará ao modelo establecido que se xunta como Anexo III deste prego.

A oferta debe estar asinada por quen teña poder suficiente para isto, e non debe conter erros, omisións ou obstáculos para unha interpretación correcta dela.

O importe debe expresarse claramente en números e letras. En caso de discrepancia, prevalecerá o importe reflectido en letra. Indicarase o importe IVE excluído e, a seguir, como partida independente, o importe do IVE que deba ser repercutido, de conformidade co establecido no artigo 139.4 da LCSP. Tamén debe indicarse o tipo impositivo de IVE aplicable á prestación e o importe total da oferta.

Enténdese que a oferta económica inclúe tódalas taxas e impostos, directos e indirectos, e arbitrios municipais, licenzas, permisos ou calquera outro que se derive da execución contractual ou sexa necesario para levar a cabo esta que graven a execución do contrato.

Esta mesma información farase constar, de forma desagregada, no caso de que haxa lotes ou de que se trate dunha licitación por prezos unitarios.

Cada licitador presentará unha soa proposición, sen prexuízo de que se admita, de selo caso, dentro dela a presentación de variantes (cadro de características).

Así mesmo, o licitador non poderá subscribir ningunha proposición en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figura en máis dunha agrupación temporal. No suposto en que haxa lotes, esta prohibición tamén será de aplicación en relación a cada lote da licitación.

A infracción destas normas dará lugar á non admisión de tódalas proposicións por el subscritas.





A oferta presentarase sen omisións, erros ou riscadas que dificulten coñecer claramente o que a Administración xulgue fundamental para considerar as ofertas, e que, de producirse, provocará o rexeitamento da proposta.

e) Declaración do Anexo I do presente PCAP

As empresas deberán indicar o número de inscrición no rexistro de contratistas da Xunta de Galicia ou ROLECSP, o que conleva a autorización expresa ao órgano de contratación para que poda acceder a este.

22.1 O SOBRE EN ARQUIVO ELECTRÓNICO PRESENTARASE DA SEGUINTE MANEIRA:

Asinado polo licitador ou, se éo caso, polo representante legal da entidade segundo o establecido no Sistema de licitación electrónica da Xunta e Galicia (SILEX)

As certificacións correspondentes a licitadores inscritos no ROLECSP ou no RXC-Galicia non deben incluírse xa que serán incorporadas de oficio ao procedemento polo órgano de contratación. No suposto de licitadores que presenten un certificado comunitario de inscrición, deberán indicar a forma de acceso electrónico aos ditos certificados ou, na súa falta, achegarán copia del.

DOCUMENTACIÓN

A documentación facilitarase en formato electrónico a través do perfil situado na Plataforma de contratos públicos de Galicia (www.contratosdeg Galicia.gal). Excepcionalmente, por razóns técnicas xustificadas ou razóns de confidencialidade, os interesados poderán examinar os pregos e a documentación complementaria nas oficinas sinaladas no anuncio de licitación e no propio perfil.

De acordo co establecido no artigo 138 da LCSP e o apartado 2 do artigo 22, da lei 14/2013, do 26 de decembro, de Racionalización do Sector Público Autonómico, o órgano de contratación proporcionará a todos os interesados no procedemento de licitación, como moi tarde 6 días antes de que finalice o prazo fixado para a presentación de ofertas, aquela información adicional sobre os pregos e demais documentación complementaria que estes soliciten, a condición de que a tivesen pedido polo menos 12 días antes do transcurso do prazo de presentación das proposicións ou das solicitudes de participación. Nos expedientes que fosen cualificados de urxentes, o prazo de seis días como moi tarde antes de que finalice o prazo fixado para a presentación de ofertas será de 4 días como moi tarde antes de que finalice o citado prazo nos contratos de obras suxeitos a regulación harmonizada sempre que se adxudiquen por procedementos aberto e restrinxido.

Nos casos en que o solicitado sexan aclaracións ao establecido nos pregos ou resto de documentación e as respostas tiveran carácter vinculante publicaranse no perfil do contratante.

22.1.2. PRESENTACIÓN E REQUISITOS DAS OFERTAS

As ofertas dos licitadores presentaranse, en arquivos electrónicos, a través do Sistema de Licitación Electrónica da Xunta de Galicia (SILEX) dispoñible na dirección electrónica





<https://www.conselleriade facenda.es/silex> co contido establecido nas cláusulas seguintes, no prazo establecido na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia.

A presentación da oferta mediante o SILEX supón a aceptación expresa e o consentimento do licitador para a obtención dos datos da empresa que constan no Rexistro Oficial de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, aos únicos efectos da comprobación dos seus datos para esta licitación.

O sistema de licitación electrónica garante que as ofertas enviadas polos licitadores sexan emitidas e rexistradas de forma que sexa imposible coñecer o seu contido salvo no momento e polo persoal autorizado legalmente para elo. A tal efecto, as ofertas son remitidas á unidade que tramita o expediente, cifradas e fragmentadas.

Os documentos deben presentarse en lingua galega ou castelá. A documentación redactada noutra lingua deberá acompañarse da correspondente tradución oficial á lingua galega ou castelá.

As solicitudes de participación constarán un único sobre ou arquivo electrónico que incluírá a súa vez dous ou tres sobres electrónicos de apertura independente en total, en función dos criterios de adxudicación e a súa forma de avaliación, de conformidade coas regras seguintes:

Nos casos en que só houbese un criterio de adxudicación do contrato, deberanse presentar un total de dous sobres electrónicos.

O sobre electrónico A conterá os documentos electrónicos que conteñan a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos para tomar parte na contratación.

O sobre electrónico C conterá os documentos electrónicos que conteñan a proposición relativa aos criterios avaliábeis de forma automática.

Nos casos en que, ademais do criterio prezo e de criterios avaliábeis de forma automática, houbese un ou varios criterios de adxudicación do contrato que sexan avaliábeis mediante un xuízo de valor, deberanse presentar un total de tres sobres electrónicos.

O sobre electrónico A conterá os documentos electrónicos que conteñan a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos para tomar parte na contratación.

O sobre electrónico B conterá os documentos electrónicos que conteñan a proposición relativa aos criterios non avaliábeis de forma automática.

O sobre electrónico C conterá os documentos electrónicos que conteñan a proposición relativa aos criterios avaliábeis de forma automática.

As certificacións correspondentes a licitadores inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do sector público será incorporada de oficio ao procedemento polo órgano de contratación. No suposto de licitadores que presenten un certificado comunitario de inscrición, deberán indicar a forma de acceso electrónico aos devanditos certificados ou, na súa falta, achegarán copia do mesmo.

Os interesados haberán de presentar as súas ofertas referidas ao obxecto do contrato. Con todo, se houbese lotes, os interesados poderán presentar ofertas referidas a un, a varios, ou á totalidade dos lotes, salvo que no apartado 2.3 do Cadro de características limítase o número de lotes aos que se poden presentar.

Cada interesado poderá presentar só unha oferta en relación co obxecto do contrato, ou do lote ou lotes aos que licite. Cando se permita a presentación de variantes ou melloras no Cadro de características, as variantes ou melloras que inclúa na súa oferta deberán suxeitarse ás condicións establecidas.

O empresario que presentase oferta en unión temporal con outros empresarios non poderá, á súa vez, presentar oferta individualmente, nin figurar en máis dunha unión temporal participante na



licitación. No suposto en que houberse lotes esta prohibición tamén será de aplicación en relación a cada lote da licitación.

O incumprimento das normas contidas nos dous apartados anteriores dará lugar á non admisión de tódalas ofertas subscritas polo licitador.

A presentación de proposicións presume por parte do licitador a aceptación incondicional das cláusulas deste Prego, o Cadro de Características así como do Prego de prescricións técnicas particulares.

No caso de que o licitador considere que a súa proposición contén datos e documentos que son susceptibles de ser considerados confidenciais, poderá presentar, de acordo co artigo 133 da LCSP, unha declaración na que indique que datos e documentos son de carácter confidencial, xustificándoo adecuadamente.

Esta circunstancia deberá ademais reflectirse claramente (sobreimpresa, á marxe ou de calquera outra forma) no propio documento sinalado como tal.

Os documentos e datos presentados polos licitadores poden ser considerados de carácter confidencial cando a súa difusión a terceiros poida ser contraria aos seus intereses comerciais lexítimos ou prexudicar a leal competencia entre as empresas do sector.

Por conseguinte, serán os licitadores os que deben identificar a documentación ou a información que consideran que ten carácter confidencial, e non será admisible que efectúen unha declaración xenérica ou declaren que todos os documentos ou toda a información teñen carácter confidencial. Polo que poderán designar como confidenciais algún/s dos documentos achegados na súa oferta. Esta circunstancia deberá reflectirse nos anexos I ou II (declaración responsable) e no propio documento sinalado como tal en forma sobreimpresa, á marxe ou de calquera outra forma visible.

A extensión da confidencialidade a toda a proposta por un licitador considerarase improcedente.

Así mesmo, deberán xuntar unha memoria onde xustifiquen os motivos ou circunstancias segundo os cales debe recoñecerse este carácter de confidencialidade e os concretos prexuízos económicos que o seu acceso podería ocasionar para os efectos de que o órgano de contratación poida verificar o mantemento dun adecuado equilibrio dos dereitos de tódolos licitadores.

En todo caso, terá carácter confidencial a documentación facilitada polos empresarios para acreditar a súa solvencia económica e financeira e técnica ou profesional, de acordo co establecido no artigo 133 de la LCSP.

Tamén terá carácter confidencial os datos de carácter persoal obxecto do Regulamento (EU) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (en diante, RXPDP); da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en diante, LOPD), e no Real decreto 1720/2007, de 21 de decembro, polo que se aproba o regulamento do seu desenvolvemento en tanto non se opoña á mesma, salvo que de forma expresa se autorice a comunicación ou a cesión. Non obstante, non terá carácter confidencial a información que conste en rexistros públicos e que, ademais, sexa de acceso público.

Para o caso de que non haxa declaración de confidencialidade dos empresarios ou esta sexa incompleta, o órgano de contratación actuará segundo o seguinte procedemento:

- Antes de decidir que documentos ou información teñen carácter confidencial, dará traslado ao licitador da solicitude de información presentada por outras empresas interesadas no procedemento para que se poida pronunciar de forma xustificada.





- Os licitadores deberán identificar os documentos achegados na súa oferta que teñan tal carácter deixando constancia disto (de calquera forma ou á marxe) no propio documento designado como tal.
- Así mesmo, deberán xuntar unha memoria onde xustifiquen os motivos ou circunstancias segundo os cales debe recoñecerse este carácter e os concretos prexuízos económicos que o seu acceso podería ocasionar.
- O órgano de contratación non poderá divulgar a información facilitada polos licitadores que estes designasen como confidencial segundo os motivos e circunstancias que estes manifestasen.
- No suposto de que un licitador non motive ou concrete as circunstancias xustificativas da súa declaración de confidencialidade ou siga mantendo unha declaración xenérica do carácter confidencial de toda a súa oferta, entenderase esta como inmotivada e o órgano de contratación reservará para si o dereito de considerar que documentación debe considerarse confidencial exonerándoo de toda responsabilidade por calquera erro de apreciación en canto ao carácter confidencial ou non da información facilitada.

O órgano de contratación pode non comunicar determinados datos relativos á adxudicación cando considere, xustificándoo debidamente no expediente, que a divulgación desta información pode obstaculizar a aplicación dunha norma, resultar contraria ao interese público ou prexudicar intereses comerciais lexítimos de empresas públicas ou privadas ou a competencia leal entre elas, entre outros.

Toda a documentación a presentar polos licitadores haberá de ser documentación orixinal ou ben copias que teñan carácter de auténticas, excepto o documento acreditativo da garantía provisional, no seu caso, que haberá de achegarse en orixinal.

22.1.3. DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DO CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS PREVIOS (SOBRE ELECTRÓNICO A)

Conterá os seguintes documentos electrónicos:

a) Declaración do licitador indicando que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración mediante a achega do DEUC (Documento europeo único de contratación).

O DEUC configúrase como unha declaración formal que remiten os licitadores ou operadores económicos no momento da presentación das ofertas, substituindo os certificados expedidos polas autoridades públicas ou por terceiros, e polo que se confirma que o operador económico cumpre as condicións seguintes:

- Que non se atopa en ningunha das situacións de exclusión ou posible exclusión previstas na normativa de contratos (prohibicións de contratar).
- Que cumpre os criterios de selección pertinentes (os criterios de solvencia).





Pode accederse a el en formato electrónico en

<https://webgate.acceptance.ec.europa.eu/espd/filter?lang=es>.

O formulario, dispoñible en castelán poderá, nese sitio, cumprimentarse e imprimirse para enviar ao órgano de contratación xunto co resto da oferta.

Tamén pode accederse ao formulario DEUC na web da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, no apartado da Xunta consultiva de contratación administrativa, en formato .odt:

- versión en galego: <http://www.conselleriadefacenda.es/areas-tematicas/patrimonio/xunta-consultiva-de-contratacion-administrativa/procedemento-de-contratacion>
- versión en castelán: <http://www.conselleriadefacenda.es/es/areas-tematicas/patrimonio/xunta-consultiva-de-contratacion-administrativa/procedemento-de-contratacion>

Para facilitar o seu cumprimento o ANEXO I contén instrucións para elaborar o formulario DEUC.

Ao DEUC deberá sempre acompañarse unha declaración complementaria que se adxunta ao presente Prego como ANEXO II.

No caso de que o licitador recorra á solvencia e medios doutras empresas de conformidade co artigo 75 da LCSP, cada unha delas deberá presentar un DEUC.

Os operadores económicos poderán ser excluídos do procedemento de contratación, ou ser obxecto de axuízamento con arranxo á lexislación nacional, no caso de que incorran en declaracións falsas de carácter grave ou, en xeral, ao facilitar a información esixida para verificar que non existen motivos de exclusión ou que se compren os criterios de selección, ou no caso de que oculten tal información ou non poidan presentar os documentos xustificativos.

b) Compromiso de constitución de Unión Temporal de Empresarios (UTE), no seu caso. Cando dous ou máis empresas acudan a unha licitación constituíndo unha unión temporal, cada un dos empresarios que a compoñen deberá acreditar a súa personalidade, capacidade e solvencia debendo indicar en documento privado os nomes e circunstancias dos empresarios que a subscriban, a participación de cada un deles e que asumen o compromiso de constituírse formalmente en UTE, caso de resultar adxudicatarios (art. 69 da LCSP e 24 do RXLCAP) presentando cada un deles un DEUC. Presentarán tamén a designación dun representante ou apoderado único da unión con poder suficiente para exercer os dereitos e cumprir as obrigacións que do contrato se deriven ata a extinción do mesmo, sen prexuízo da existencia de poderes mancomunados que poidan outorgar as empresas para cobros e pagos de contía significativa.

O documento deberá estar asinado polos representantes de cada unha das Empresas compoñentes da UTE.

De conformidade co artigo 69.5 da LCSP, para os casos en que sexa esixible a clasificación e concorran nunha unión de empresarios, nacionais, e estranxeiros que non sexan nacionais dun Estado membro da Unión Europea nin un Estado signatario do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo e estranxeiros que sexan nacionais dun Estado membro da Unión Europea ou dun Estado signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, os que pertencen aos dous primeiros





grupos deberán acreditar a súa clasificación, e estes últimos a súa solvencia técnica ou profesional nos termos do artigo 87.3 da LCSP.

c) Declaración dos lotes aos que se concorre. Se o contrato admite a súa división en lotes, o licitador deberá expresar, mediante unha declaración, o lote ou lotes aos que presenta a súa oferta. O órgano de contratación poderá determinar o número de lotes aos que se pode presentar un único licitador. Tal información farase constar no apartado 2.3 do Cadro de características do presente Prego.

d) Constitución da garantía provisional, se procede. Salvo que no apartado 7.1 do Cadro de características se indique que non procede, os licitadores deberán constituír unha garantía provisional polo importe alí fixado, que corresponderá como máximo ao 3 % do orzamento de licitación (IVE excluído).

En caso de existir lotes e así se indique expresamente, os licitadores deberán constituír unha garantía provisional que corresponderá, como máximo, ao 3 % do orzamento establecido para o lote ou lotes aos que se licite, IVE excluído, no apartado 7.1 do Cadro de características do contrato. Neste caso, o resgardo da garantía provisional debe ir acompañado dunha relación detallada dos lotes aos que se licita.

A garantía provisional poderá prestarse en calquera das formas previstas no artigo 106.3 da LCSP.

A garantía provisional deberá constituírse de acordo coas normas establecidas no artigo 106 da LCSP, así como na normativa de desenvolvemento e a normativa autonómica que sexa de aplicación.

Se se constitúe en metálico ou títulos valores debe presentarse o resgardo acreditativo da devandita garantía ante a Caixa xeral de depósitos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Se se constitúe en forma de aval ou por contrato de seguro de caución, presentarase o propio aval ou o contrato de seguro.

No suposto de unións temporais de empresas, a garantía provisional poderá constituírse por unha ou varias das empresas participantes na unión, sempre que en conxunto alcáncese a contía esixida e garanta solidariamente a todos os integrantes da unión.

e) No caso de ser considerado un contrato reservado acollido á Disposición Adicional 4ª da LCSP os Centros especiais de emprego ou Empresas de inserción laboral deberán acreditar dispoñer de tal cualificación mediante certificación do correspondente rexistro público ou documentación que a substitúa.

f) Este documento tamén conterá a declaración sobre a intención de celebrar subcontratos a que se refiren os artigos 29.3.b da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico e 215.2 a) da LCSP, sinalando o seu importe, o nome e o perfil empresarial





definido por referencia as condicións de solvencia profesional ou técnica dos subcontratistas aos que se vaia a encomendar a súa realización.

g) No seu caso, a memoria onde xustifiquen os motivos ou circunstancias segundo os cales debe recoñecerse este carácter de confidencialidade e os concretos prexuízos económicos que o seu acceso podería ocasionar para os efectos de que o órgano de contratación poida verificar o mantemento dun adecuado equilibrio dos dereitos de tódolos licitadores.

h) Declaración responsable complementaria conforme ao Anexo correspondente deste Prego.

i) Os licitadores deberán dar cumprimento ao disposto no artigo 122.2 letras c), d), e) consonte á redacción dada polo Real Decreto Lei 14/2019, do 31 do outubro, e dentro destes puntos, para o caso de que sexa preciso o tratamento de datos persoais cedidos pola Administración para a execución do contrato, indicarán na súa oferta se teñen previsto subcontratar os seus servidores ou os servizos asociados aos mesmos, o nome e perfil empresarial, atendendo ás condicións de solvencia profesional ou técnica dos subcontratistas aos que se encomendara a súa realización.

22.1.4. DOCUMENTACIÓN RELATIVA AOS CRITERIOS NON AVALIABLES DE FORMA AUTOMÁTICA (SOBRE ELECTRÓNICO B)

O licitador debe presentar a documentación relativa aos criterios de adxudicación que se indica no apartado 12.1 do Cadro de características do contrato, axustándose ao modelo establecido no Anexo IV a este Prego.

Se o licitador non achega a documentación relativa a algún destes criterios de adxudicación, ou a mesma non contén todos os requisitos esixidos, a proposición do devandito licitador non será valorada respecto do criterio de que se trate.

A documentación relativa aos criterios de adxudicación que sexan avaliáveis de forma automática non debe incluírse nos sobres electrónicos que conteñen a documentación relativa aos criterios avaliáveis mediante un xuízo de valor. A infracción deste mandato dará lugar á exclusión do licitador.

A inclusión de documentación relativa aos criterios de adxudicación que sexan avaliáveis mediante un xuízo de valor nos sobres electrónicos que conteñen a documentación relativa aos criterios avaliáveis de forma automática mediante a aplicación de fórmulas dará lugar á non valoración da devandita documentación.

22.1.5. DOCUMENTACIÓN RELATIVA AOS CRITERIOS AVALIABLES DE FORMA AUTOMÁTICA (SOBRE ELECTRÓNICO C)

Neste sobre incluírase a seguinte documentación:

A documentación acreditativa da oferta en cada un dos criterios avaliáveis automaticamente que se establecen no apartado C do Cadro nos criterios de adxudicación. No seu caso, a proposición económica, que se axustará ao modelo establecido que se xunta como Anexo a este Prego.





A oferta debe estar asinada por quen teña poder suficiente para iso, e non debe conter erros, omisións ou obstáculos para unha interpretación correcta da mesma.

O importe debe expresarse claramente en números e letras. Indicarase o importe IVE excluído e, a continuación, como partida independente, o importe do IVE que deba ser repercutido. Tamén debe indicarse o tipo impositivo de IVE aplicable á prestación e o importe total da oferta.

Esta mesma información farase constar, de forma desagregada, no caso de que houbese lotes ou de que se trate dunha licitación con prezos unitarios.

Enténdese que a oferta económica inclúe todas as taxas e impostos, directos e indirectos, e arbitrios municipais que graven a execución do contrato.

Cada licitador presentará unha soa proposición, sen prexuízo de que se admita, no seu caso dentro da mesma, a presentación de variantes (Cadro de características).

Así mesmo, o licitador non poderá subscribir ningunha proposición en unión temporal con outros, se o fixo individualmente ou figura en máis dunha agrupación temporal.

A infracción destas normas dará lugar á non admisión de tódalas proposicións por el subscritas.

A oferta presentarase sen omisións, erros ou riscadas que dificulten coñecer claramente o que a Administración estime fundamental para considerar as ofertas, e que, de producirse, provocará o rexeitamento da proposta.

En canto ao rexeitamento de proposicións estarase ao disposto no artigo 84 do RXLCAP.

23. Emenda da documentación

A presentación de declaracións responsables de cumprimento de requisitos de participación, poderá ser emendada polas persoas licitadoras, a requirimento dos servizos dependentes do órgano de contratación ou a mesa de contratación, cando sexa necesario.

Igualmente, a empresa proposta como adxudicataria poderá emendar os erros na documentación á que fai referencia a cláusula 29 deste prego.

En ámbolos dous casos, concederase un prazo non superior a tres días para a súa emenda.

Se non se emendase en prazo o requirido, o órgano, ou no seo caso, a mesa de contratación, entenderá que a persoa licitadora desiste da súa oferta.





VII. PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN

24. Mesa de contratación

Ao abeiro do establecido nos artigos 146.2, 150, 157 e 326 da LCSP e no artigo 81 e seguintes do RXLCAP no que non contradiga á LCSP, para o presente procedemento aberto simplificado, constituirase unha mesa de contratación que será o órgano competente para efectuar a cualificación da documentación administrativa, así como para realizar a avaliación e clasificación das ofertas. A súa composición publicárase na PCPG.

25.1.1 VALORACIÓN DAS REFERENCIAS TÉCNICAS NON AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS

O contido do sobre B valorarase entre 0 e 25 puntos mediante os criterios de adxudicación recollidos no apartado 10.1 do cadro de características deste contrato.

25.1. 2 VALORACIÓN DA PROPOSICIÓN ECONÓMICA E DOUTROS ASPECTOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS

O contido do sobre C valorarase entre 0 e 75 puntos mediante os criterios de adxudicación recollidos no apartado 10.2 do cadro de características deste contrato.

Non serán admitidas na súa totalidade as proposicións nas que se oferte un prezo superior ao orzamento base de licitación que figura no cadro de características, IVE excluído. Nin o prezo ofertado, IVE excluído, nin a partida correspondente ao IVE, nin o sumatorio de ámbalas dúas cifras poderán exceder dos importes sinalados ao efecto no cadro de características.

25.2. Ofertas anormalmente baixas

Estarase primeiramente ao criterio particularizado que se indique no CCC. Con carácter xeral para os efectos da consideración de presunción de ofertas con valores anormais ou desproporcionados considerarase que están incursas nesa situación as proposicións cunha B_i que:

1/ Exceda en máis de $k \cdot \sigma'$ ao valor da $B'm$ no caso de que o número das empresas licitadoras admitidas, trala apertura e comprobación da documentación contida no sobre C a efectos da identificación das ofertas presuntamente anormais ou desproporcionadas, sexa igual ou superior a cinco.

Presunción de ofertas con valores anormais ou desproporcionados:

$$B_i > B'm + k \cdot \sigma' \text{ si } n \geq 5$$

2/ Exceda en máis de 5 unidades ao valor da $B'm$ no caso de que o número das empresas licitadoras admitidas, trala apertura e comprobación da documentación contida no sobre C a efectos da identificación das ofertas presuntamente anormais ou desproporcionadas, sexa inferior a cinco.





Presunción de ofertas con valores anormais ou desproporcionados:

$$B_i > B'_m + 5 \text{ si } n < 5$$

Sendo:

K= Coeficiente fixado no apartado 11 do Cadro de Características do Contrato;

Este parámetro terá xenericamente valor igual a 2, agás en aqueles supostos en que debido ás circunstancias específicas que concorran na obra deba ser variado, o que será debidamente motivado polo órgano de contratación.

B_m= Baixa media calculada

$$B_m = \frac{\sum_{i=1}^n B_i}{n}$$

Onde:

B_i = Baixa da oferta admitida calculada como a porcentaxe que represente a diferenza entre o orzamento base de licitación (IVE excluído) e o orzamento da oferta (IVE excluído), expresado en tanto por cento sobre o orzamento base de licitación (IVE excluído)

n - Número de ofertas admitidas

B'_m = Media aritmética das baixas das ofertas admitidas que cumpran a condición seguinte:

$$(B_m - \sigma) \leq B_i \leq (B_m + \sigma)$$

Onde:

σ = Desviación típica calculada

σ' = Desviación típica das baixas das ofertas admitidas que cumpran a anterior condición sinalada para o cálculo de B'_m





$$\sigma = \sqrt{\frac{\sum_{i=1}^n (B_i - B_m)^2}{n}}$$

Para os efectos de establecer a media aritmética B'_m , terase en conta o seguinte:

Cando concorran á licitación presentando distintas proposicións económicas, de xeito individual ou en unión temporal de empresas, empresas vinculadas ou pertencentes a un mesmo grupo, entendendo por tales as que se atopen nalgún dos supostos previstos no artigo 42.1 do Código de Comercio, tomarase unicamente a oferta máis baixa de todas as presentadas por estas empresas ou polas UTES de que formen parte. As mesmas regras establecidas no parágrafo anterior aplicaranse ás distintas proposicións presentadas por sociedades nas que concorran algún dos supostos do artigo 42.1 do Código de Comercio respecto dos socios que as integran.

Cando se identifique unha proposición que poida ser considerada anormalmente baixa de acordo cos anteriores criterios, darase audiencia ao licitador que a presentara de conformidade co disposto no artigo 149 do LCSP para que, no prazo máximo de 5 días hábiles, contados a partir do día seguinte a aquel no que reciba a comunicación que se realizará por medios electrónicos ou telemáticos, presente e xustifique a valoración da oferta e precise as condicións da mesma, mediante a presentación daquela información e documentos que resulten pertinentes a estes efectos.

Concretamente, a mesa de contratación ou na súa falta o órgano de contratación, poderá pedir xustificación a estes licitadores sobre aquelas condicións da oferta que sexan susceptibles de determinar o baixo nivel do prezo ou custos da mesma e, en particular, no que se refire aos seguintes valores:

- a) O aforro que permita o procedemento de fabricación, os servizos prestados ou o método de construción.
- b) As solucións técnicas adoitadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para fornecer os produtos, prestar os servizos ou executar as obras,
- c) A innovación e orixinalidade das solucións propostas, para fornecer os produtos, prestar os servizos ou executar as obras.
- d) O respecto de obrigacións que resulten aplicables en materia ambiental, social ou laboral, e de subcontratación, non sendo xustificables prezos por baixo de mercado ou que incumpran o establecido no artigo 201.
- e) Ou a posible obtención dunha axuda de Estado.

No procedemento deberá solicitarse o asesoramento técnico do servizo correspondente.

Se a empresa ou empresas cuxas proposicións sexan presuntamente consideradas anormais ou desproporcionadas non xustificasen, ao xuízo da mesa de contratación ou o órgano de contratación, que o obxecto do contrato pode ser cumprido satisfactoriamente co prezo ofertado,





as ditas proposicións serán obxecto de proposta de rexeitamento a efectos de ser declaradas anormais ou desproporcionadas polo órgano de contratación, resultando unha vez producida a dita declaración, excluídas da clasificación de ofertas que se efectúe e do procedemento de adxudicación.

En todo caso, os órganos de contratación rexeitarán as ofertas se comprobán que son anormalmente baixas porque vulneran a normativa sobre subcontratación ou non compren as obrigacións aplicables en materia ambiental, social ou laboral, nacional ou internacional, incluíndo o incumprimento dos convenios colectivos sectoriais vixentes, en aplicación do establecido no artigo 201.

Entenderase en todo caso que a xustificación non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos ou custos propostos polo licitador cando esta sexa incompleta ou se fundamente en hipótese ou prácticas inadecuadas desde o punto de vista técnico, xurídico ou económico.

Cando durante o citado trámite de audiencia, a empresa ou empresas coa proposición económica supostamente comprendida en valores anormais ou desproporcionados incorresen en inactividade ou en no presentación dentro do prazo sinalado da información xustificativa solicitada, estimarase como unha retirada inxustificada da súa oferta, polo que quedará excluída da clasificación de ofertas e do procedemento de adxudicación.

Cando unha empresa que estivese incurso en presunción de anormalidade resultase adxudicataria do contrato, segundo o establecido no artigo 149.7, o órgano de contratación establecerá mecanismos adecuados para realizar un seguimento pormenorizado da execución do mesmo, co obxectivo de garantir a correcta execución do contrato sen que se produza unha diminución na calidade nas obras.

25.3. Ampliación do prazo de garantía

Valorarase a ampliación do prazo de garantía por riba do mínimo esixido (1 ano desde a recepción das obras).

Puntuación	Ponderación
------------	-------------

Ata 8 puntos.....	8 %
-------------------	-----

Cando o licitador se comprometa a incrementar o prazo de garantía sobre o mínimo obrigatorio de 1 ano, será obxecto de valoración conforme á formulación que de seguido se indica:

- Cada ano adicional do período de garantía sobre o fixado no CCC o licitador obterá unha puntuación de 2 puntos.
- Se os anos adicionais de garantía ofertados son igual ou maior ao 4 anos se lle asignará a puntuación máxima de 8 puntos.





O incremento do prazo de garantía terá que indicarse unicamente por anos adicionais completos.

O prazo de garantía non poderá ser inferior a un ano mínimo obrigatorio (12 meses). De non especificarse prazo entenderase que este é igual a 12 meses e obterá 0 puntos neste criterio.

25.4. Porcentaxe adicada ao control externo de calidade

Valorarase a porcentaxe destinada ao control de calidade externo entre 0 e 7 puntos.

Puntuación	Ponderación
------------	-------------

Ata 7 puntos.....	7 %
-------------------	-----

Cando o licitador se comprometa a destinar para efectuar o control externo de calidade un importe equivalente ao mínimo obrigatorio do 1% do orzamento de execución material do proxecto de obra de licitación, non se atribuirá puntuación ningunha.

Os importes superiores serán obxecto de valoración conforme á formulación que de seguido se indica:

- Se a porcentaxe ofertada (t) é maior do 1% e menor ou igual ao 1,5% do orzamento de execución material do proxecto de obra de licitación puntuarase coa seguinte fórmula matemática:

$$\text{Puntos} = 8 \times (t - 1)$$

- Se a porcentaxe ofertada (t) é maior ao 1,5% e menor do 2,5% do orzamento de execución material do proxecto de obra de licitación, a fórmula a utilizar para obter a puntuación será a seguinte:

$$\text{Puntos} = 3 \times (t - 1,5) + 4$$

- Se a porcentaxe ofertada (t) é igual ou maior ao 2,5% do orzamento de execución material do proxecto de obra de licitación se lle asignará a puntuación máxima de 7 puntos.

A porcentaxe ofertada non poderá ser inferior ao 1% mínimo obrigatorio. Se non se especificase porcentaxe, entenderase que esta é igual ao 1% e obterá 0 puntos neste criterio.

25.5. Puntuación final

Unha vez admitidas ou rexeitadas as ofertas cunha baixa temeraria calcularanse as puntuacións definitivas de acordo cos seguintes criterios:





A **puntuación final (P_T) dos criterios non cuantificables mediante fórmulas** virá dado pola suma das puntuacións obtidas na aplicación do baremo de valoración das referencias técnicas non avaliáveis mediante fórmulas e aplicando o seguinte criterio:

- Oferta con maior puntuación no baremo: 25 puntos
- Oferta con menor puntuación no baremo: Manterá os puntos obtidos co baremo.
- Resto de ofertas: liñalmente entre a oferta con menos puntuación e 25 puntos. .

A **puntuación final (P_E) dos criterios cuantificables mediante fórmulas** virá dado pola suma das puntuacións obtidas nos apartados correspondentes a valoración da proposición económica e doutros aspectos avaliáveis mediante fórmulas.

A **puntuación final (P)** das proposicións virá dada de acordo coa seguinte fórmula:

$$P = (P_T) + (P_E)$$

25.6. Criterios de desempate

Segundo o recollido no artigo 147.2 da LCSP, o empate entre varias ofertas trala aplicación dos criterios de adxudicación do contrato resolverase mediante a aplicación por orde dos seguintes criterios sociais, referidos ao momento de finalizar o prazo de presentación de ofertas:

- a) Maior porcentaxe de traballadores con discapacidade ou en situación de exclusión social na plantilla de cada unha das empresas, primando en caso de igualdade, o maior número de traballadores fixos con discapacidade en plantilla, ou o maior número de persoas traballadoras en inclusión na plantilla.
- b) Menor porcentaxe de contratos temporais na plantilla de cada unha das empresas.
- c) Maior porcentaxe de mulleres empregadas na plantilla de cada unha das empresas.
- d) O sorteo, en caso de que a aplicación dos anteriores criterios non tivera dado lugar a desempate.

26. Apertura e exame do sobre único electrónico

- Os gastos da formalización do contrato, así como as taxas, impostos por prestación dos traballos facultativos da reformulación, dirección, inspección, execución e liquidación e calquera outros que resultasen de aplicación de conformidade coas disposicións vixentes e na forma e contía que estas determinen.

- Os gastos e taxas derivadas da realización das xestións referidas ás instalacións complementarias ou á redacción e tramitación de proxectos de instalacións e de acometidas de obra, que foran necesarias efectuar ante os organismos competentes a efectos da obtención da alta e permiso de funcionamento das mesmas, aínda cando foran solicitadas a nome da persoa ou entidade que o órgano de contratación designe.

Os gastos derivados das actividades de información mencionadas nos parágrafos anteriores non poderán superar en ningún caso o un por cento (1%) do orzamento base de licitación.

Tamén serán de conta do contratista os demais gastos sinalados nas diferentes cláusulas deste prego.

40. Condicións especiais de execución

Os órganos de contratación poderán establecer condicións especiais de execución en relación coa execución do contrato, sempre que estean vinculadas ao seu obxecto, no sentido do artigo 145 da LCSP, non sexan directa ou indirectamente discriminatorias e sexan compatibles co dereito comunitario.

Para o caso de incumprimento destas condicións especiais de execución estableceranse penalidades na cláusula 46 deste prego ou atribuíráselles o carácter de obrigas contractuais esenciais para os efectos de causa de resolución do contrato (cláusula 58 deste prego) sinalados na letra f) do artigo 211 LCSP.

Todas as condicións especiais de execución que formen parte do contrato serán esixibles igualmente a todos os subcontratistas que participen na súa execución.

40.1. Condicións especiais de execución en relación coas condicións laborais mínimas

É condición especial de execución o cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, seguridade social e seguridade e saúde no traballo que sexan aplicables ás persoas traballadoras vinculadas á execución do contrato, así como o cumprimento da normativa de protección de datos persoais.

Será obrigatorio para a entidade, en relación co cadro de persoal que executará o contrato, pagar o salario e aplicar as condicións de traballo establecidas polo último convenio colectivo sectorial do ámbito inferior existente no sector no que se encadra a actividade do contrato (Convenio





colectivo xeral do sector da construción -código convenio: 99005585011900), agás que teña recoñecidas outras condicións mellores a título individual ou por outros convenios colectivos e/ou pactos de empresa que lle sexan de aplicación.

A empresa contratista comprométese a facilitar durante a execución do contrato tanta información se lle requira polo órgano de contratación sobre as condicións de traballo que se apliquen efectivamente aos traballadores e traballadoras que realicen a actividade obxecto do contrato.

40.2. Condicións especiais de execución en relación á subcontratación

No caso da subcontratación a empresa contratista principal asume a total responsabilidade da execución do contrato fronte á Administración, con estrita suxeición aos pregos de cláusulas administrativas particulares e aos termos do contrato, incluído o cumprimento das obrigas en materia social, laboral ou medioambiental.

A empresa contratista deberá comunicar ao órgano de contratación a subcontratación que pretenda levar a cabo, nos termos do artigo 215 LCSP.

40.3. Condicións especiais de execución relativas a medidas medioambientais

Como mínimo, un 10% dos materiais, subministracións ou elementos utilizados para executar a obra, deberán ser adquiridos en establecementos de proximidade. Considérase “compra de proximidade” a realizada nun radio inferior a 200 km.

Esta condición deberá acreditarse coa emisión de cada certificación mensual da obra e previamente ao seu pagamento.

41. Control de calidade, ensaios e análises de materiais e unidades de obra

O control de calidade da obra incluírá o daqueles materiais, elementos ou unidades de obra suxeitos a normas ou instrucións de obrigado cumprimento promulgadas pola Administración que versen sobre condicións ou homologacións que estes deben reunir.

Os custos de execución dos ensaios, análises, probas ou controis preceptivos para verificar tales condicións consideraranse incluídos nos prezos recollidos no proxecto e de acordo co orzamento desagregado, no seu caso, para tales efectos no programa de control de calidade que figure no proxecto aprobado.

Os demais controis e análises que non veñan impostos por ningunha norma pero que a dirección facultativa ou coordinador do traballo estimen pertinentes, serán por conta da persoa contratista ata o límite máximo do 2,5% da porcentaxe de execución material da obra ou da porcentaxe que, no seu caso, a empresa construtora ofertase na licitación.





O control de calidade das actuacións descritas anteriormente recollerase nun ou varios informes onde se indicarán as posibles incidencias detectadas que poidan afectar á execución da obra proxectada.

Os ensaios que por calquera circunstancia non sexan realizados e aboados pola empresa contratista, poderán ser executados pola Administración e o seu importe deducido das certificacións correspondentes ou, no seu caso, da certificación final da obra.

En calquera caso, os gastos dos ensaios destinados á información, verificación ou comprobación de unidades de obra mal executadas pola empresa contratista das obras, serán aboados por esta na súa totalidade, sexa cal sexa o seu importe.

Os ensaios establecidos no parágrafo anterior, que por calquera circunstancia non son realizados e aboados pola empresa contratista, poderán ser ordenados pola dirección facultativa, tras a autorización da Administración e o seu importe será deducido das certificacións de obras mensuais correspondentes.

42. Propiedade e explotación dos traballos

O contratista cédelle en exclusiva á Administración contratante a titularidade dos dereitos de propiedade intelectual, excepto os de carácter moral, así como os dereitos de propiedade industrial, sobre a totalidade das creacións resultado deste contrato. A Administración adquirirá a propiedade intelectual do traballo obxecto do contrato desde o seu inicio e son responsabilidade do contratista os prexuízos que poidan derivar contra tal dereito de propiedade por actuacións a el imputables.

A cesión abarca todas as modalidades de explotación actualmente recoñecidas pola lexislación vixente, tales como edición, representación, gravacións e reproducións audiovisuais, informáticas, etc.; todo isto inclúe calquera forma ou soporte legalmente admitido. Para tal efecto, o contratista terá que entregarlle ao órgano de contratación, en perfecto estado para o uso a que se destinan, os soportes orixinais que conteñan as creacións que resulten do contrato.

A cesión terá unha duración equivalente ao tempo máximo previsto na lexislación reguladora dos dereitos cedidos para a protección e uso destes.

A cesión destes dereitos á Administración contratante non ten limitación ningunha en canto ao ámbito territorial para o exercicio de calquera dereito que desta derive.

O prezo pola cesión destes dereitos atópase comprendido no da licitación e a Administración contratante non está obrigada a abonar ningunha cantidade suplementaria pola cesión de tales dereitos ou pola entrega de soportes que conteñan as creacións derivadas do contrato.





A execución do contrato comporta a cesión á Administración contratante do dereito de uso dos devanditos produtos, e esta pode, ademais, autorizar o seu uso aos entes, organismos e entidades pertencentes ao sector público a que se refire o artigo 3.1 da LCSP.

Todos os documentos que se elaboren e os traballos que se realicen para a execución do presente contrato, serán da exclusiva propiedade da Administración contratante.

O contratista non poderá facer uso do devandito material, nin publicar ou divulgar ou proporcionar a terceiros ningún dato ou documento procedente dos traballos de non mediar autorización expresa e por escrito da Administración propietaria, obrigándose a resarcir a esta polos prexuízos que se lle causen seguindo as prescricións do artigo 133 do LCSP.

A Administración contratante se reserva en exclusiva o dereito de explotación dos traballos encargados ao adxudicatario, ao que queda prohibido calquera tipo de explotación, excepto cando medie unha autorización do órgano de contratación e nos termos nos que se recolla no devandito título administrativo.

43. Protección de datos de carácter persoal

A persoa contratista responsabilízase de que o tratamento de datos de carácter persoal que se poida realizar farase con absoluto respecto das normas de seguridade, de acordo co establecido na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, no Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LO 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (no que non se opoña á lei vixente) e no Regulamento 2016/679 do Parlamento Europeo e do consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación deste datos; será así mesmo de aplicación a disposición adicional vixésimo quinta LCSP, e demais normativa de aplicación. No caso de incumprimento do estipulado, a Administración contratante será responsable das infraccións que deriven do mesmo.

En todo caso, o contratista asume a obriga de respectar a normativa vixente en materia de protección de datos.

1. Tratamento de datos persoais do licitante ou adxudicatario por parte do órgano de contratación

Os datos persoais que o adxudicatario facilite para a participación no presente procedemento de contratación e no seu caso, para o adecuado desenvolvemento do contrato, serán tratados, na súa condición de responsable, por Portos de Galicia.

A lexitimación para o tratamento dos datos é o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento en base á normativa vixente.





Os datos persoais proporcionados pola empresa adxudicataria serán tratados coa finalidade de levar a cabo a tramitación xeral da contratación e o desenvolvemento das prestacións derivadas da mesma, polo que se conservarán mentres sexan necesarios para as devanditas finalidades e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente.

Así mesmo, determinados datos poderán ser publicados, nos termos previstos na lexislación vixente, a través dos distintos medios de comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia como Diarios Oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios, a fin de dar a publicidade legalmente esixida ao procedemento de contratación.

No caso de que as persoas adxudicatarias facilitasen datos de carácter persoal de terceiros, incluídos os relativos ao persoal ao seu servizo, previamente á súa inclusión deberán informar aos interesados dos extremos establecidos nos parágrafos anteriores.

As persoas interesadas poderán acceder, suprimir e rectificar os seus datos así como exercer outros dereitos segundo se explicita na información adicional en: <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>; <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>.

Contacto Delegado de Protección de Datos (DPD): as persoas interesadas poderanse poñer en contacto co Delegado de Protección de Datos correspondente segundo o especificado en <https://www.xunta.gal/delegados-de-proteccion-de-datos>.

2. Condición de encargado do tratamento do contratista.

A contratista, respecto ao tratamento de datos persoais que puidese levar a cabo en virtude da prestación de servizos contratada, terá a consideración de encargada do tratamento para os efectos do disposto no artigo 28 e concordantes do RGPD polo que deberá dar cumprimento, ás obrigacións incluídas a continuación, esixindo idéntico compromiso do persoal ao seu servizo:

2.1. Utilizar os datos persoais obxecto de tratamento ou os que recolla para a súa inclusión, só para a finalidade obxecto deste contrato. En ningún caso poderá utilizar os datos para fins propios.

2.2. Tratalos datos de acordo coas instrucións da entidade pública Portos de Galicia como responsable do tratamento. Se a contratista, encargada do tratamento, considerase que algunha das instrucións infrinxe o RGPD ou calquera outra disposición vixente en materia de protección de datos informará inmediatamente á consellería.

2.3. Levar por escrito, cando cumpra segundo o artigo 30 do RGPD, un rexistro das actividades de tratamento efectuadas por conta da persoa responsable, que inclúa o contido previsto no referido artigo.

2.4. Non comunicar os datos a terceiras persoas, salvo que conte coa autorización expresa da entidade pública Portos de Galicia nos supostos legalmente admisibles. A persoa encargada pode



comunicar os datos a outros encargados do tratamento do mesmo responsable, de acordo coas instrucións deste último.

2.5. Manter o deber de segredo respecto dos datos persoais aos que tivese acceso en virtude do presente encargo, mesmo despois de que finalice o seu obxecto.

2.6. Garantir que as persoas autorizadas para tratar datos persoais se comprometan, de forma expresa e por escrito, a respectar a confidencialidade de datos e que se responsabilizan de que o tratamento de datos de carácter persoal que se poida realizar no marco da contratación se fará con absoluto respecto das normas de seguridade correspondentes, de acordo co establecido no Regulamento 2016/679 (UE) xeral de protección de datos persoais (RXPd) e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), sendo así mesmo de aplicación ao respecto a disposición adicional vixésimo quinta da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público e demais normativa concordante na materia. En caso de incumprimento do estipulado, a entidade contratante e os técnicos destacados serán responsables das infraccións que del se deriven. A persoa encargada manterá a disposición da entidade pública Portos de Galicia a documentación acreditativa do cumprimento desta obrigaición.

2.7. Garantir a formación necesaria en materia de protección de datos persoais das persoas autorizadas para tratar este tipo de información.

2.8. Asistir á entidade pública Portos de Galicia na resposta ao exercicio dos dereitos recoñecidos pola lexislación vixente en materia de protección de datos persoais, a través de medidas técnicas e organizativas apropiadas, para que esta poida cumprir coa súa obrigaición de responder ás devanditas solicitudes das persoas interesadas nos prazos previstos pola normativa vixente. Para iso, a persoa encargada facilitará á Entidade pública Portos de Galicia, a requirimento desta, e o máis axiña posible, tanta información sexa necesaria ou relevante a este efectos. No caso de que os afectados solicitasen o exercicio dos seus dereitos ante a persoa encargada do tratamento, esta informarlles a través de calquera medio fidedigno, de que poderán acceder ao procedemento previsto en <https://www.xunta.gal/delegados-de-proteccion-de-datos>.

2.9. No caso de que o obxecto da contratación prevexa a recollida de datos directamente pola empresa contratista, esta facilitará a información relativa aos tratamentos de datos que se van a realizar no momento de recadar os datos. A redacción e o formato no que se facilitará a información débese acordar coa Entidade pública Portos de Galicia e dará cumprimento en todo caso ás esixencias previstas no RGPD. A entidade adxudicataria facilitará o modelo á Administración.

2.10. Notificar á entidade pública Portos de Galicia, de forma inmediata e implementando as medidas de seguridade necesarias, as violacións da seguridade dos datos persoais ao seu cargo das que teña coñecemento, xunto con tódala información relevante para a documentación, e comunicación do incidente, no seu caso, á Axencia Española de Protección de Datos, conforme ao previsto no artigo 33 do RGPD.



2.11. Dar apoio á entidade pública Portos de Galicia na realización das avaliacións de impacto relativas á protección de datos e na realización das consultas previas á autoridade de control, cando cumpra.

2.12. Implantar as previsións recollidas no R.D. 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da administración electrónica (ENS). En todo caso, implantará as medidas de seguridade necesarias para:

2.12.1. Garantir a confidencialidade, integridade, dispoñibilidade e resiliencia permanentes dos sistemas e servizos de tratamento.

2.12.2. Restaurar a dispoñibilidade e o acceso aos datos persoais de forma rápida, en caso de incidente físico ou técnico.

2.12.3. Verificar, avaliar e valorar, de forma regular, a eficacia das medidas técnicas e organizativas implantadas para garantir a seguridade do tratamento.

2.12.4. Seudonimizar e cifrar os datos persoais, se fose necesario.

2.13. Poñer a disposición da entidade pública Portos de Galicia tódala información necesaria para demostrar o cumprimento das súas obrigacións, en particular, certificados de cumprimento da normativa expedidos por entidades acreditadas ou, no caso de non existir, facilitando a realización das auditorías ou as inspeccións que realicen a Entidade pública Portos de Galicia ou outro auditor autorizado.

2.14. Designar unha/un delegada/o de protección de datos, se correspondese segundo o previsto no artigo 37 do RGPD, e comunicar a súa identidade e datos de contacto á Entidade pública Portos de Galicia.

2.15. Devolver á Entidade pública Portos de Galicia, unha vez cumpridas as prestacións obxecto da presente contratación, os datos de carácter persoal e, no seu caso, os soportes onde consten. A devolución suporá o borrado total dos datos existentes nos equipos informáticos utilizados pola/o encargada/o. Con todo, esta última poderá conservar unha copia dos datos estritamente necesarios, debidamente bloqueados, mentres se poidan derivar responsabilidades da execución da prestación.

Indicación de relevancia: antes da formalización do contrato a empresa adxudicataria deberá presentar unha declaración na que poña de manifesto onde van a estar ubicados os servidores e dende onde se van a prestar os servizos asociados aos mesmos, singularmente en canto ao tratamento de datos por razón do contrato, debendo en caso de variación ou cambio desta declaración ao longo da vida do contrato, realizar nova declaración sobre o aquí previsto.





44. Confidencialidade e deber de sixilo

A persoa adxudicataria deberá respectar o segredo profesional e, en consecuencia, manter absoluta confidencialidade e reserva sobre a totalidade dos documentos e informacións que lle sexan confiados para a formalización da súa oferta ou que sexan elaborados con ocasión da execución do contrato. Así mesmo, queda expresamente obrigado:

- A utilizar a devandita información exclusivamente no ámbito da relación contractual e para as finalidades previstas na mesma;
- A non comunicala, nin total nin parcialmente, a ningunha terceira persoa sen autorización expresa do emisor salvo nos casos expresamente previstos na lei, esixindo idéntico compromiso ao persoal que empregue ou que con el colabore na execución do contrato;
- A facilitar o acceso á información unicamente ao persoal que a necesite para o desenvolvemento da devandita relación, a quen se comunicará a obriga de tratar a información á que se lles dá acceso con carácter estritamente confidencial;
- A aplicar medidas de cautela e protección e destruír en calquera momento a documentación escrita recibida se así o solicita a parte que a forneceu;

Considerarase información confidencial aquela á que a persoa adxudicataria acceda en virtude do presente contrato, especialmente a de tipo técnico ou tecnolóxico, de produción, de mercadotecnia, administrativa ou económico-financeira, sempre que non teña carácter público ou notorio.

Este deber manterase durante un prazo mínimo de dez anos desde o coñecemento desa información.

A persoa contratista deberá gardar sixilo respecto aos datos ou antecedentes que, non sendo públicos ou notorios, estean relacionados co obxecto do contrato e chegasen ao seu coñecemento con ocasión deste.

45. Obriga de transparencia

O adxudicatario deberá facilitarlle á entidade pública Portos de Galicia, cando se lle requira, a información relativa ao desenvolvemento da execución do contrato.

De conformidade co establecido no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas ou xurídicas adxudicatarias de contratos están obrigadas a subministrar á Administración á que se atopen vinculadas, logo de requirimento, e nun prazo de 10 días hábiles, toda a información necesaria para o cumprimento pola Administración das obrigas previstas no Título I da citada Lei.

En cumprimento deste deber de información, unha vez formalizado o contrato e antes de comezar a súa execución, a persoa contratista deberá designar, de entre os integrantes do seu cadro de persoal, a persoa responsable de subministrar a información, e comunicarllo ao órgano de contratación xunto cos seus datos de contacto.





O incumprimento da obriga de subministrar información á Administración por parte do adxudicatario así como a non contestación ao requirimento en prazo terá as consecuencias previstas no apartado 4 do citado artigo.

46. Penalidades

46.1. Prazos e penalidades por demora

A persoa contratista está obrigada a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a súa realización, así como os prazos parciais fixados.

A constitución en mora pola persoa contratista non precisará intimación previa por parte da Administración.

Se chegado o termo de calquera dos prazos parciais ou do final, a persoa contratista incorrese en mora por causas imputables a ela, a Administración poderá optar indistintamente pola resolución do contrato, na forma e condicións establecidas no artigo 212 LCSP, con perda da garantía definitiva ou pola imposición das penalidades diarias establecidas no artigo 193 da LCSP.

O órgano de contratación poderá acordar a inclusión no cadro de características de penalidades distintas cando, atendendo ás especiais características do contrato, se considere necesario para a súa correcta execución e así se xustifique no expediente.

Cada vez que as penalidades por demora acaden un múltiplo do 5% do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para resolvelo ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.

Se o atraso fora producido por motivos non imputables ao contratista, estarase ao disposto no artigo 195.2. A petición de ampliación do prazo por parte do contratista deberá ter lugar no prazo máximo de 15 días desde aquel no que se produza a causa que orixina o atraso.

46.2. Outras penalidades

O órgano de contratación, con suxeición ao establecido no artigo 192 LCSP poderá impoñer penalidades ao contratista polos incumprimentos que se sinalan nesta cláusula, sen prexuízo da posibilidade de resolver prevista na LCSP ou na cláusula 58 deste prego. A súa aplicación e pagamento non exclúe a obriga de reparación de defectos e indemnización polos danos e prexuízos que legalmente incumbe ao contratista.

Como norma xeral, a contía das penalidades serán dun 1% do prezo do contrato, IVE excluído, agás que, de forma motivada, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave. Nese caso poderán acadar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10% respectivamente. As penalidades serán proporcionais á gravidade do incumprimento. Para a cualificación da





gravidade do incumprimento e a gradación da penalidade, que deberá ser motivada, valoraranse como criterios as causas que orixinaron os incumprimentos, a intencionalidade do contratista e a súa colaboración en orde á regularización da situación xerada polo incumprimento, os prexuízos ocasionados, as interferencias ou riscos que o incumprimento produza na execución do contrato, a duración do período de morosidade no pagamento a subcontratistas e subministradores, ou a reiteración, entendida como a circunstancia de ter sido penalizado con anterioridade dentro do ámbito do contrato, así como calquera outro feito, circunstancia ou aspecto técnico que poida considerarse relevante atendendo ao caso concreto.

De acordo co sinalado, enténdense como outras penalidades, as seguintes:

a) Cumprimentos defectuosos ou incumprimento parcial da prestación.

Por incumprimento defectuoso se, ao tempo da recepción, as obras non se atopasen en estado de ser recibidas por causas imputables ao contratista.

Ata que transcorra o prazo de garantía a empresa contratista responderá da correcta realización dos traballos contratados e dos defectos que existan nos mesmos, sen que sexa eximente, nin lle dea dereito ningún o feito de que a representación da Administración os teña examinado ou recoñecido durante a súa elaboración ou aceptado en comprobacións, valoracións ou certificacións parciais.

A empresa contratista quedará exenta de responsabilidade cando o traballo defectuoso ou mal executado sexa consecuencia inmediata e directa dunha orde da Administración.

b) Incumprimento do compromiso de adscrición de medios

c) Incumprimento das condicións especiais de execución

O cumprimento pola persoa adxudicataria das condicións especiais de execución poderá verificarse polo órgano de contratación en calquera momento durante a execución do contrato e, en todo caso, comprobarase ao tempo da recepción das obras.

d) Incumprimento das obrigas establecidas en materia de subcontratación

A infracción das condicións e requisitos establecidos para a celebración de subcontratos no artigo 215.2 LCSP, así como a falta de acreditación da aptitude da persoa subcontratista ou das circunstancias determinantes da situación de emerxencia ou das que fan urxente a subcontratación, poderá dar lugar á imposición ao contratista dunha penalidade de ata o 50% do importe do subcontrato.

e) Incumprimento ou cumprimento defectuoso de compromisos asumidos a través da oferta que se tomaron en consideración como criterio de valoración.



f) Incumprimento das obrigas en materia ambiental, social ou laboral indicadas na cláusula 39 deste prego.

g) Incumprimento da obriga sinalada na cláusula 25.6 con respecto aos criterios de desempate.

h) No seu caso, os incumprimentos e contías establecidos no cadro de características deste prego.

i) Cando por causas imputables ao adxudicatario, non se formalizase o contrato dentro do prazo indicado esixiráselle o importe do 3% do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade, segundo o indicado na cláusula 32.

k) O reiterado incumprimento das medidas de seguridade recollidas no Plan de seguridade e saúde da obra e da normativa sectorial de aplicación.

l) O incumprimento polo contratista do deber de gardar sxiilo ao que se refire a cláusula 44 deste prego, respecto aos datos ou antecedentes que, non sendo públicos ou notorios estean relacionados co obxecto do contrato e aos que chegasen ao seu coñecemento con ocasión deste.

46.3. Procedemento de imposición de penalidades

Salvo nos casos indicados nos que non se necesite intimación previa por parte da Administración, cando a empresa contratista incorra nalgún dos incumprimentos previstos na cláusula anterior, requiriráselle o cumprimento inmediato das disposicións do contrato, previamente á incoación do procedemento de imposición de penalidades. No suposto de que non atendese o requirimento, ou unha vez transcorrido o prazo establecido nel non levase a efecto as actuacións requiridas, o órgano de contratación poderá incoar o procedemento de imposición de penalidades.

As penalidades que correspondan imporanse por acordo do órgano de contratación, adoptado a proposta do responsable do contrato, previa audiencia do contratista por un prazo de 10 días hábiles. O acordo será inmediatamente executivo, e as penalidades faranse efectivas mediante dedución das cantidades que, en concepto de pago total ou parcial, deban aboarse ao contratista ou sobre a garantía que, de selo caso, constituíuse, cando non poidan deducirse dos mencionados pagos, de conformidade co disposto no artigo 194 da LCSP.

Unha vez notificado o acordo de imposición de penalidades, en caso de persistir o incumprimento, o órgano de contratación poderá acordar a imposición dunha nova penalidade pola mesma causa.

En todo caso, nos supostos en que non estea prevista unha penalidade ou cando estando prevista a mesma non cubrixe os danos causados á Administración, esta esixirá ao contratista a indemnización polos danos e prexuízos ocasionados.

47. Pagamento á persoa contratista e transmisión dos dereitos de cobro





47.1. Pagamento á persoa contratista

A persoa contratista terá dereito ao pagamento, de conformidade cos prezos pactados, das obras que realmente execute con suxeición ao contrato e ás súas modificacións, se as houbese.

Para os efectos do pago, a Administración terá a obriga de aboar o prezo dentro do prazo que se sinala no artigo 198.4 da LCSP, coas consideracións que recolle a Disposición Adicional trixésimo segunda da lei.

De conformidade co previsto nos artigos 198.2 e 240.1 da LCSP, para os efectos do pago, a Administración expedirá mensualmente, nos primeiros dez días seguintes ao mes ao que correspondan, certificacións que comprendan a obra executada conforme ao proxecto durante o devandito período de tempo, cuxos abonos teñen o concepto de pagos a conta suxeitos ás rectificacións e variacións que se produzan na medición final e sen supoñer en forma algunha, aprobación e recepción das obras que comprenden.

Así mesmo, poderanse verificar abonos a conta, previa petición da empresa contratista, por instalacións, almacenamento de materiais e equipos de maquinaria pesada adscritos á obra, nas condicións e coas garantías que se determinan nos artigos 198 e 240 da LCSP e 155 a 157 RXLCAP e de acordo coas cláusulas 54 a 58 do Prego de Cláusulas Administrativas Xerais (Decreto 3854/1970).

Coa primeira certificación de obra a persoa contratista deberá achegar o xustificante de pago de tódalas taxas e impostos que sexan necesarios para a execución do contrato, de xeito tal que non se procederá ao pagamento desa certificación en tanto non se cumpra coa dita obriga.

A empresa contratista poderá desenvolver os traballos con maior celeridade que a precisa para executar as obras no prazo ou prazos contractuais, agás que a xuízo da dirección das obras existisen razóns para estimalo inconveniente. Malia o anterior, non terá dereito a percibir en cada ano calquera que sexa o importe do executado ou das certificacións expedidas, maior cantidade que a consignada na anualidade correspondente. Polo tanto, os dereitos que os artigos 198 e 240 da LCSP e a cláusula 53 do Prego de Cláusulas Administrativas Xerais (Decreto 3854/1970) lle conceden ao contratista, non se aplicarán partindo das datas das certificacións como base para o cómputo do tempo de demora no pagamento, senón da época na que debeu ser satisfeito.

Dentro do prazo de tres meses contados a partir da recepción, o órgano de contratación deberá aprobar a certificación final das obras executadas, que será aboada ao contratista a conta da liquidación do contrato no prazo previsto no artigo 198.4 da LCSP.

De conformidade co disposto no artigo 243.3 da LCSP e 169 do RXLCAP, o pago das obrigas pendentes á liquidación do contrato deberá efectuarse nun prazo de sesenta días contados a partir da contestación da persoa contratista á proposta de liquidación do contrato ou do transcurso do prazo establecido para tal fin.





Nos supostos nos que a Administración se demore no pago estarase ao disposto no artigo 198.4 da LCSP, tendo en conta que o xuro de demora calcularase sobre o importe da obriga pecuniaria principal, excluído o IVE e os demais tributos, taxas e impostos que graven a operación.

47.2. Transmisión dos dereitos de cobro

Segundo se establece no artigo 200 da LCSP, aquelas persoas contratistas que teñan un dereito de cobramento fronte á Administración poderán cedelo de acordo a dereito, nos termos especificados no dito artigo.

Para que a devandita cesión teña plena efectividade fronte a Administración, será requisito indispensable a notificación fidedigna á Administración do acordo de cesión.

A eficacia das segundas e sucesivas cesións dos dereitos de cobro cedidos pola persoa contratista quedará condicionada ao cumprimento do disposto no parágrafo anterior.

Unha vez que a Administración teña coñecemento do acordo de cesión, o mandamento de pago deberá ser expedido a favor da persoa cesionaria. Antes de que a cesión se poña en coñecemento da Administración, os mandamentos de pago a nome do contratista ou do cedente producirán efectos liberatorios.

As cesións anteriores ao nacemento da relación xurídica da que deriva o dereito de cobro non producirán efectos fronte á Administración. En todo caso, a Administración poderá opoñer fronte á persoa cesionaria tódalas excepcións causais derivadas da relación contractual.

48. Factura electrónica

A presentación das facturas en formato electrónico será obrigatorio para as entidades establecidas no artigo 4 da Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público.

As restantes persoas xurídicas e as persoas físicas, aínda que non están obrigadas, presentarán a factura preferentemente en formato electrónico.

Quedan excluídas da obriga de facturación electrónica, de acordo coa Orde do 26 de febreiro de 2015 pola que se regulan o Punto xeral de entrada de facturas electrónicas e o Rexistro Contable de Facturas da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 50, do 13 de marzo de 2015) as facturas de importe igual ou inferior a 5.000 euros e as emitidas polos provedores de servizos prestados no exterior.

O acceso ao Sistema Electrónico de Facturación da Xunta de Galicia, regulado na Orde do 12 de febreiro de 2010 (DOG nº 31, do 16 de febreiro de 2010) e á súa información será a través das URL: <http://conselleriadefacenda.es/factura> ou <http://www.conselleriadefacenda.es/sicon/>.





O pagamento realizarase polo importe establecido e acreditado, mediante a correspondente conformidade do xestor do contrato. O pagamento realizarase de acordo co establecido no apartado 17 do cadro de características.

49. Suspensión do contrato

Se a Administración acordase a suspensión do contrato ou tal suspensión tivese lugar por aplicación do disposto no artigo 198.5 da LCSP, estenderase unha acta na que se consignarán as circunstancias que a motivan e a situación de feito na execución do contrato coas consecuencias sinaladas nos artigos 198 e 208 da LCSP e 103, 170 e 171 do RXLCAP.

Acordada a suspensión, a Administración aboará ao contratista, no seu caso, os danos e perdas efectivamente sufridos por este, os cales se cifrarán conforme ao disposto no número 2 do artigo 208 da LCSP.

IX. MODIFICACIÓN DO CONTRATO

50. Modificación do contrato

O órgano de contratación ostenta a prerrogativa de modificar por razóns de interese público o contrato, con suxeición ao disposto no artigo 203 da LCSP, nos casos previstos na LCSP e de acordo co procedemento regulado no artigo 191 da LCSP, coas particularidades previstas no artigo 207 da lei.

De acordo co artigo 191 da LCSP, nos procedementos que se instrúan para a adopción de acordos relativos á modificación do contrato, deberá darse audiencia ao contratista.

Cando como consecuencia dunha modificación, o contrato experimente variación no prezo, deberá axustarse a garantía definitiva para os efectos do disposto no artigo 109.3 LCSP.

Estes acordos deben ser adoptados previo informe do servizo xurídico correspondente e as modificacións deberán formalizarse de conformidade co disposto no artigo 153 LCSP e deberán publicarse de acordo co establecido nos artigos 207 e 63 da lei.

50.1. Modificacións previstas

a) Nos supostos que para este efecto se establezan no apartado 21 do cadro de características, detallando as condicións nas que o órgano de contratación poderá facer uso desta potestade, o seu alcance e límites, así como o porcentaxe do prezo do contrato ao que como máximo pode afectar a modificación e o procedemento.



b) Para dar cumprimento aos principios de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, segundo o disposto no artigo 31 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

Entenderase que concorren causas económicas que xustifican a modificación cando se produza unha situación de diminución dos ingresos recadados respecto ás previsións dos orzamentos aprobados.

Tamén se considerará que concorren causas económicas cando:

- Se produza un descenso na transferencia de subvencións finalistas do Estado respecto das previsións efectuadas inicialmente na aprobación dos orzamentos que financian as prestacións contratadas.
- Se adopten medidas derivadas dun plan de axuste aprobado, de acordo coa normativa vixente de estabilidade orzamentaria polas autoridades competentes.
- Se adopten medidas legais de axuste que determinen a modificación do contrato.
- Sexa necesario efectuar unha modificación orzamentaria que afecte ás partidas coas que se financian as prestacións contratadas para atender a servizos públicos esenciais entendendo por tales a sanidade, servizos sociais, atención de emerxencias, etc.

Naqueles supostos nos que a modificación esixida excedese o límite previsto no presente prego para o exercicio desta potestade, o órgano de contratación promoverá a resolución do contrato para evitar unha lesión grave aos intereses públicos.

As devanditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

Obxecto das modificacións:

1) Modificacións que teñan por obxecto a redución do volume das obrigas.

As modificacións que teñan por obxecto a redución do volume das obrigas, serán efectuadas na porcentaxe que veña esixida polas circunstancias antes expresadas e cun límite máximo do 20% do prezo inicial do contrato.

As modificacións poderán afectar a unha redución do volume de tódalas prestacións obxecto do contrato, salvo que se especifiquen, no seu caso, no cadro de características e no prego de prescricións técnicas.





A redución do prezo do contrato será proporcional á redución das prestacións, de forma que se respecte a ecuación financeira do contrato orixinario, sen alterar o seu equilibrio económico, atendendo aos prezos unitarios das unidades nas que se descompoña a prestación, ou, de non existir estes, atendendo á porcentaxe que representen as prestacións reducidas sobre o prezo total.

2) Modificacións que teñan por obxecto a ampliación do prazo de execución do contrato

Cando o obxecto do contrato consista nunha prestación para a cal se estableceu unha data de realización ou entrega, o órgano de contratación poderá ampliar o prazo de execución do contrato e proceder a un reaxuste de anualidades.

O programa de traballo, de selo caso, revisarase para adaptalo aos novos importes anuais. O novo programa de traballo resultante deberá ser aprobado polo órganos de contratación.

O reaxuste de anualidades só será realizado na medida en que veña esixida polo mantemento do seu financiamento orzamentario.

O límite máximo de ampliación será o triplo do prazo de execución previsto inicialmente sempre que non supere os límites legalmente permitidos para a duración do contrato.

50.2. Modificacións non previstas

Só poderán introducirse modificacións distintas das previstas neste prego por razóns de interese público e cando se xustifique suficientemente a concorrencia dalgún ou varios dos supostos taxados no apartado 2 do artigo 205 da LCSP. Só se poderán introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a faga necesaria.

X. CESIÓN E SUBCONTRATACIÓN

51. Cesión

De acordo co artigo 214 da LCSP, a persoa adxudicataria non poderá acordar con terceiros a cesión dos dereitos e obrigas derivadas do contrato sen a autorización previa e expresa da Administración contratante.

Así mesmo, para que a cesión efectuada produza efectos fronte á Administración contratante deberán cumprirse, igualmente, tódolos requisitos sinalados no devandito artigo.

52. Subcontratación



52.1. Réxime

A persoa contratista poderá concertar con terceiros a realización parcial da prestación con suxeición ao que se estableza o apartado 18 do cadro de características, agás que conforme ao establecido nas letras d) e e) do artigo 215 da LCSP, a prestación ou parte dela teña que ser executada directamente polo contratista e sempre que se cumpran os requisitos establecidos no artigo 215.2 da LCSP, circunstancia que quedará recollida no citado apartado do cadro de características.

O réxime dos subcontratos que se poidan derivar das contratacións tramitadas ao amparo deste prego, quedará sometidos aos artigos 215 e 216 da LCSP, á Lei 32/2006, do 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción e ao Real Decreto 1109/2007, do 24 de agosto que a desenvolve.

As persoas subcontratistas quedarán obrigadas só ante a contratista principal que asumirá a total responsabilidade da execución do contrato ante a Administración, con suxeición estrita aos pregos de cláusulas administrativas particulares e aos termos de contrato, incluído o cumprimento das obrigas en materia ambiental, social ou laboral a que se refire o artigo 201 da LCSP.

En ningún caso se poderá concertar pola persoa contratista a execución parcial do contrato con persoas inhabilitadas para contratar de acordo co ordenamento xurídico ou comprendidas nalgún dos supostos do artigo 71 da LCSP.

A contratista deberá informar aos representantes dos traballadores da subcontratación, de acordo co lexislación laboral.

Os subcontratistas non terán acción directa fronte a Administración contratante polas obrigas contraídas con eles polo contratista como consecuencia da execución do contrato principal e dos subcontratos.

52.2. Requisitos

A celebración dos subcontratos estará sometida ao cumprimento dos seguintes requisitos:

a) En todo caso, a persoa contratista deberá remitirlle ao órgano de contratación, tras a adjudicación do contrato e como moi tarde cando se inicie a execución deste, unha declaración con datos dos subcontratos que teña a intención de realizar. Sinalarase a parte do contrato que se pretende subcontratar e a identidade, datos de contacto e representante ou representantes legais da persoa subcontratista. Así mesmo, xustificarase suficientemente a aptitude da mesma para executar a devandita parte do contrato, por referencia aos elementos técnicos e humanos de que dispón e á súa experiencia. No caso de que a persoa subcontratista tivese a clasificación axeitada para realizar parte do contrato obxecto da subcontratación, a comunicación desta circunstancia será suficiente para acreditar a aptitude da mesma.





Tamén deberá achegar, en relación con cada persoa subcontratista, a acreditación de que non se atopa incurso en prohibición de contratar de acordo co artigo 71 LCSP.

A acreditación da aptitude da persoa subcontratista poderá realizarse inmediatamente despois da celebración do subcontrato se esta é necesaria para atender unha situación de emerxencia ou que esixa a adopción de medidas urxentes e así se xustifica suficientemente.

A persoa contratista principal deberá notificar por escrito ao órgano de contratación calquera modificación nesta información durante a execución do contrato principal, e toda a información necesaria sobre os novos subcontratistas.

b) Se así se prevé no cadro de características, as persoas licitadoras deberán indicar na oferta a parte do contrato que teñan previsto subcontratar, sinalando o seu importe e o nome ou perfil empresarial, definido por referencia ás condicións de solvencia profesional ou técnica, das persoas subcontratistas ás que se vaia encomendar a súa realización.

Neste caso, os subcontratos que non se axusten ao indicado na oferta, por ter lugar con empresarios/as distintas das indicadas nominativamente nela ou por referirse a partes da prestación diferentes ás sinaladas, non poderán acordarse ata que transcorran vinte (20) días desde que se tivera cursado a notificación e achegadas as xustificacións a que se refire o apartado a) anterior, agás que con anterioridade foran autorizadas expresamente pola Administración, sempre que esta non notificase dentro deste prazo a súa oposición. Este réxime será igualmente aplicable se as persoas subcontratistas foran identificadas na oferta mediante a descrición do seu perfil profesional.

Baixo a responsabilidade da persoa contratista, os subcontratos poderán concluírse sen necesidade de deixar transcorrer o prazo de 20 días se a súa celebración é necesaria para atender a unha situación de emerxencia ou que esixa a adopción de medidas urxentes e así se xustifica suficientemente.

52.3. Incumprimento dos requisitos

A infracción dos requisitos sinalados para proceder á subcontratación, así como a falta de acreditación da aptitude da persoa subcontratista ou das circunstancias determinantes da situación de emerxencia ou das que fan urxente a subcontratación, poderá ter, entre outras previstas na LCSP, e en función da repercusión na execución do contrato, algunha das seguintes consecuencias:

a) A imposición á persoa contratista dunha penalidade de ata un 50% do importe do subcontrato, segundo o establecido na cláusula 46.2 deste prego.

b) A resolución do contrato, a condición de que se lle atribúa carácter de obriga contractual esencial conforme á cláusula 58 deste prego.





52.4. Pagamento a subcontratistas ou subministradores

A empresa contratista está obrigada a abonarlle aos subcontratistas e subministradores o prezo pactado nos prazos e condicións que se indican no artigo 216 da LCSP.

De conformidade co artigo 217.1 da LCSP, a Administración contratante poderá comprobar o estrito cumprimento dos pagos que o contratista adxudicatario do contrato deba facer a tódolos subcontratistas ou subministradores que participen no mesmo.

En tal caso, o contratista adxudicatario remitirá á Administración contratante, cando esta o solicite e no prazo máximo de 15 días, unha relación detallada daqueles subcontratistas ou subministradores que participen no contrato cando se perfeccione a súa participación, xunto con aquelas condicións de subcontratación ou subministración de cada un deles que garde unha relación directa co prazo de pagamento.

Así mesmo, deberán achegar por solicitude da Administración contratante xustificante de cumprimento dos pagamentos a aqueles unha vez rematada a prestación dentro dos prazos de pagamento legalmente establecidos no artigo 216 da LCSP e na Lei 3/2004, do 29 de decembro, no que lle sexa de aplicación.

Estas obrigas se consideran condicións especiais de execución, cuxo incumprimento, ademais das consecuencias previstas polo ordenamento xurídico, permitirá a imposición das penalidades que se establezan na cláusula 46.2 deste prego.

XI. EXTINCIÓN DO CONTRATO

De conformidade co co disposto no artigo 209 da LCSP, o contrato extinguirase polo seu cumprimento ou por resolución.

53. Cumprimento do contrato e recepción das obras

O contrato entenderase cumprido pola persoa contratista cando realice, de acordo cos termos contractuais e a satisfacción da Administración, a totalidade do seu obxecto.

Cunha antelación de corenta e cinco (45) días hábiles, a persoa contratista comunicarlle por escrito a dirección de obra a data prevista para a terminación ou execución do contrato, para que se poida levar a cabo a súa recepción.

Poderán ser obxecto de recepción parcial aquelas partes da obra susceptibles de ser executadas por fases e que poidan ser entregadas ao uso público, segundo o establecido no contrato.





A recepción efectuarase nos termos e coas formalidades establecidas no artigo 243 da LCSP, o 163 do RXLCAP e nas cláusulas 71 e seguintes do Prego de cláusulas administrativas xerais para a contratación de obras do Estado.

De acordo co establecido no artigo 243.6 da LCSP, sempre que por razóns excepcionais de interese público debidamente motivadas no expediente, o órgano de contratación acorde a ocupación efectiva das obras ou a súa posta en servizo para o uso público, aínda sen o acto formal de recepción, desde que se produza a dita ocupación efectiva ou posta en servizo produciranse os efectos e consecuencias propias do acto de recepción.

Por outra banda, unha vez finalizada a obra, o contratista está obrigado ao despexe das zonas afectadas con restitución ao seu estado orixinal.

54. Medición xeral e certificación final das obras

De acordo co establecido no artigo 243 da LCSP, no prazo de tres (3) meses contados a partir da data de recepción, o órgano de contratación deberá aprobar a certificación final das obras executadas que se aboará á persoa contratista a conta da liquidación do contrato.

Para iso, unha vez recibidas as obras, procederase á súa medición xeral con asistencia da persoa contratista. O/A director/a da obra formulará, no prazo máximo dun (1) mes desde a recepción, a medición das obras realmente executadas de acordo co proxecto. A tal efecto, na acta de recepción da obra fixarase a data para o inicio da devandita medición, quedando notificado o contratista para o devandito acto. Os trámites do procedemento son os establecidos no artigo 166 do RXLCAP.

Sobre a base do resultado da medición xeral e dentro do prazo dun (1) mes, contado a partir da data da recepción, o/a director/a da obra redactará a correspondente relación valorada.

Posteriormente, e dentro dos dez (10) días seguintes a finalización do prazo indicado no parágrafo anterior, a persoa que exerza a dirección da obra, expedirá e tramitará a correspondente certificación final.

55. Prazo de garantía e responsabilidade por vicios ocultos

O prazo de garantía establecerase de acordo co previsto nos números 3 e 4 do artigo 243 da LCSP e será de un (1) ano, como mínimo. Ou será o que se establecese no contrato por mellora do adxudicatario. Este prazo comezará a contar dende a data da sinatura da acta de recepción, e no seu transcurso a Administración poderá comprobar que o traballo realizado se axusta ao contratado e ao estipulado no presente prego de cláusulas administrativas e no prego de prescricións técnicas.

Se, durante o prazo de garantía, se acredítase a existencia de vicios ocultos e defectos nos traballos efectuados, a Administración poderá requirirle a persoa contratista a corrección, para o que lle





concederá un prazo e, neste caso quedará en suspenso o prazo de garantía ata que a empresa efectúe a corrección de conformidade para a Administración.

Durante o prazo de garantía a persoa contratista é responsable dos defectos que na construción poidan advertirse e queda obrigada, en todo caso, á conservación e policía das obras, sendo responsable dos danos que nela se produzan, agás que expresamente sexa relevado de tal obriga pola Administración, por ser entregadas ao uso ou servizo correspondente as obras obxecto do contrato.

Se se descoidase a conservación e isto dese lugar a que se poña en perigo a obra, executaranse pola Administración e á conta do contratista os traballos necesario para evitar o dano.

Tódolos gastos que se ocasionen pola conservación e policía das obras durante o período de garantía ou de ampliación deste, segundo o artigo 243.3 da LCSP, serán por conta da persoa contratista, non tendo dereito a indemnización ningunha por este concepto.

No prazo de quince (15) días anteriores ao cumprimento do prazo de garantía, a persoa que exerza a dirección facultativa da obra, de oficio ou a instancia do contratista, redactará un informe sobre o estado das obras cos efectos sinalados nos artigos 243.3 da LCSP e 169 do RXLCAP.

56. Liquidación da obra e devolución e cancelación da garantía definitiva

A garantía definitiva será retida por Portos de Galicia por un período de tempo igual ao do prazo de garantía ofertado polo licitador adxudicatario.

Dentro do prazo de quince (15) días anteriores ao cumprimento do prazo de garantía, a dirección facultativa, de oficio ou a instancia da persoa contratista, redactará un informe sobre o estado das obras. Se este fora favorable, o contratista quedará relevado de toda a responsabilidade, agás o disposto no artigo 244 LCSP, procedéndose á devolución ou cancelación da garantía (segundo o disposto no artigo 111 da LCSP e no artigo 65 do RXLCAP), á liquidación do contrato e, no seu caso, ao pagamento das obrigas pendentes, que deberá efectuarse no prazo de 60 días.

Transcorrido o prazo de garantía, se o informe fose favorable ou, no caso contrario, unha vez reparado o construído, formularase pola dirección facultativa e no prazo dun mes a proposta de liquidación das obras realmente executadas, notificándose ao contratista para que, no prazo de dez (10) días preste a súa conformidade ou manifeste os reparos oportunos.

No prazo de dous (2) meses, contados a partir da contestación do contratista ou do transcurso do prazo establecido para tal fin, o órgano de contratación deberá aprobar a liquidación e abonar, no seu caso, o saldo resultante. A liquidación das obras efectuarase cos mesmos criterios e documentación establecidos para a realización da certificación final das obras.





No caso, de resolución do contrato por causas imputables ao contratista, para establecer o saldo de liquidación de obras restarase da valoración correspondente á obra executada, que sexa de recibo, o importe das certificacións cursadas.

Cando se trate de causas de resolución do contrato imputables á Administración, o contratista adxudicatario terá dereito ao valor das obras efectivamente realizadas e á indemnización prevista no artigo 246 LCSP, reducido da porcentaxe ofrecida polo contratista na súa oferta.

57. Responsabilidade por vicios ocultos

Se a obra se arruína ou sofre deterioracións graves incompatibles coa súa función con posterioridade á expiración do prazo de garantía por vicios ocultos da construción, debido ao incumprimento do contrato por parte da persoa contratista, responderá esta dos danos e prexuízos que se produzan ou se manifesten durante un prazo de quince (15) anos a contar desde a recepción.

Así mesmo, a persoa contratista responderá durante o devandito prazo dos danos materiais causado na obra por vicios ou defectos que afecten á cimentación, os soportes, as vigas, os forxados, os muros de carga ou outros elementos estruturais, e que comprometan directamente a resistencia mecánica e a estabilidade da construción, contados desde a data de recepción da obra sen reservas ou desde a corrección destas.

Transcorrido o devandito prazo sen que se manifestase ningún dano ou prexuízo, quedará totalmente extinguida a responsabilidade da persoa contratista.

58. Resolución do contrato

A resolución do contrato terá lugar nos supostos sinalados nos artigos 211 e 245 da LCSP e acordarase polo órgano de contratación, de oficio ou a instancia da persoa contratista, mediante o procedemento establecido no artigo 109 do RXLCAP e cos efectos previstos nos artigos 213 e 246 da LCSP e 110 a 113 e 172 do RXLCAP.

Serán causas específicas de resolución as seguintes:

- As reiteradas deficiencias na execución do contrato e o reiterado incumprimento das prescricións técnicas.
- O abandono por parte do contratista da execución das prestacións obxecto do presente contrato. Entenderase producido o abandono cando a prestación deixase de desenvolverse, non se desenvolva coa regularidade adecuada ou cos medios humanos e materiais precisos para a normal execución do contrato no prazo estipulado. Con todo, cando se dea este suposto, a Administración, antes de declarar a resolución, requirirá ao contratista para que regularice a situación no prazo de 5 días hábiles que se contarán desde o requirimento.





Así mesmo, ao amparo do artigo 211.f) consideraranse obrigas contractuais esenciais, con efectos de resolución do contrato:

- A vulneración pola persoa adxudicataria das obrigas e limitacións que o presente prego e o artigo 214 da LCSP lle impón en materia de cesión de contratos.

- A reiterada obstrución ou falta de colaboración por parte da persoa contratista para facer efectivas as facultades de dirección, inspección e supervisión da obra recoñecidas á Administración no prego de cláusulas administrativas particulares, previamente advertidas por escrito.

Do mesmo xeito terán esta condición de obrigas contractuais esenciais do artigo 211.1.f) da LCSP o establecido nas letras a) e e) do artigo 122.2 desta Lei, consonte á redacción deste precepto 122 dada polo Real Decreto Lei 14/2019, do 31 de outubro.

59. ANEXOS AO PRESENTE PREGO

Anexo I. Orientacións para cubrir o DEUC

Anexo II. Declaración complementaria ao DEUC

Anexo III Modelo de proposición económica e técnica (referida a criterios avaliábles a través de fórmulas matemáticas)

Anexo IV Modelo de índice da documentación do sobre electrónico B

Anexo V Modelo de acreditación de experiencia esixida na solvencia técnica ou profesional.

De conformidade co establecido no artigo 122 da LCSP, despois de que fose informado favorablemente este Prego pola Asesoría Xurídica na data da sinatura electrónica.





ANEXO I: ORIENTACIÓNS PARA CUBRIR O DEUC

Para facilitar a formalización por parte das empresas do modelo de formulario normalizado do DEUC que establece o anexo II do Regulamento (UE) nº 2016/7, fórmulanse a continuación as seguintes orientacións:

a) De conformidade co establecido na parte II, sección A, quinta pregunta, dentro do punto titulado «Información xeral», do formulario normalizado do DEUC, as empresas que figuren inscritas nunha «lista oficial de operadores económicos autorizados» só deberán facilitar en cada parte do formulario aqueles datos e informacións que, no seu caso concreto, non estean inscritos nestas «listas oficiais». Así, en España as empresas non estarán obrigadas a facilitar aqueles datos que xa figuren inscritos de maneira actualizada no rexistro de licitadores que corresponda, xa sexa no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (ROLECSP) ou o Rexistro Xeral de contratistas de Galicia (RXC-Galicia) co alcance previsto no artigo 339 da LCSP, coa condición de que as empresas inclúan no formulario normalizado do DEUC a información necesaria para que o órgano de contratación poida realizalo acceso correspondente (endereço da internet, tódolos datos de identificación e, se é o caso, a necesaria declaración de consentimento).

Para o caso de que a empresa se atope inscrita no ROLECSP ou no RXCG, a seguir esta recomendación indica, respecto de cada unha das partes do formulario, que datos son susceptibles de figurar inscritos nos rexistros e cales non. Dado que algúns destes datos deben ser subministrados, en todo caso, pola empresa e outros son voluntarios, limitarémonos a sinalar en cada caso se os datos que reclama o formulario son ou non son potencialmente inscribibles, e a empresa debe asegurarse de cales efectivamente están inscritos e actualizados e cales non están inscritos ou, de estaren, non están actualizados, no seu caso concreto.

b) O acceso por parte dos órganos de contratación aos rexistros de licitadores, así mesmo, ten o efecto establecido no artigo 59.5 DN. Así, aínda que, de acordo co artigo 59.4 DN con carácter xeral o órgano de contratación poderá requirir aos candidatos e licitadores durante a substanciación do procedemento de contratación e para garantir o seu bo desenvolvemento para que acheguen documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos de acceso á licitación, e con carácter previo á adxudicación o primeiro deberá exixir ao adxudicatario a presentación destes documentos xustificativos; o artigo 59.5 DN matiza o establecido no punto anterior do mesmo artigo ao eximir os licitadores e candidatos de presentar aqueles documentos xustificativos que proben informacións que poidan ser acreditadas mediante unha certificación expedida polo - de licitadores que corresponda [ROLECSP ou RXC-Galicia].

Parte I.

Recolle a información sobre o procedemento de contratación e sobre o órgano de contratación.

A súa formalización non reviste complexidade xa que tódolos datos constan no anuncio ou nas plataformas de contratación.

Parte II.

Recolle información sobre a empresa interesada.

Como xa se indicou, aquelas empresas que figuren inscritas nun rexistro de licitadores só deberán facilitar nesta parte II do formulario aquela información que non figure inscrita neles ou que, aínda estando inscrita, a información non conste de maneira actualizada. Por iso a continuación segue un cadro que, a modo orientativo, indica que información ou datos poderían estar inscritos e cales non, coa finalidade de que as empresas saiban:





- Que datos deberán ser achegados mediante o formulario normalizado DEUC, en todo caso, por non figuraren en poder do Rolece ou RXCG.
- Que datos son susceptibles de estar inscritos no Rolece ou RXCG e, por tanto, poderían deixarse sen cubrir no formulario.

Correspóndelle á empresa comprobar se no seu caso concreto eses datos ou informacións efectivamente están inscritos nos rexistros e, se o están, deberá asegurarse de que constan nel de maneira actualizada.

Parte II. Información sobre o operador económico

Sección	É un dato/información susceptible de estar inscrito no Rolece ou RXCG?
Sección A	
Identificación.	Os datos incluídos neste punto deben ser cubertos pola empresa. Como número de IVE deberase recoller o NIF cando se trata de cidadáns ou empresas españois, o NIE cando se trata de cidadáns residentes en España, e o VIES ou DUNS cando se trata de empresas estranxeiras.
Información xeral:	
Se é o caso, figura o operador económico inscrito nunha lista oficial de operadores económicos autorizados ou ten un certificado equivalente (por exemplo, no marco dun sistema nacional de (pre)clasificación)?	Si () Non () Non procede ()
En caso afirmativo: -Rexistro en que está inscrito e número de inscrición	() Rolecesp () Rexistro Xeral de Contratistas da C.A. de Galicia





Certificación en formato electrónico	() Rolecesp: https://registrodelicitadores.gob.es, Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Estado (como número de inscrición ou certificación basta con consignar o propio NIF, NIE, VIES ou DUNS da empresa) () Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia: nº de inscrición: _____ http://www.conselleriadefacenda.es/areas-tematicas/patrimonio/rexistro-xeral-de-contratistas/servizos-telematicos Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidade Autónoma de Galicia
Indicar grupo, subgrupo e categoría da clasificación do contratista	NON CUBRIR SE ESTÁ INSCRITO NALGÚN DOS REXISTROS
Coa clasificación cúmprense tódolos criterios de selección?	Si () Non ()
En caso negativo, cubra a parte IV deste formulario (seccións A, B, C ou D, segundo proceda.	
Poderá a empresa presentar un certificado respecto ao cumprimento coas obrigas coa Seguridade Social e impostos que permita ao poder adjudicador obtelo directamente a través dunha base de datos nacional de calquera Estado que poida consultarse gratuitamente?	Si () Non ()
Dispoñible en formato electrónico	Poñer enderezo da páxina web, autoridade ou organismo expedidor e referencia exacta da documentación () Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia: http://www.conselleriadefacenda.es/areas-tematicas/patrimonio/rexistro-xeral-de-contratistas/servizos-telematicos Xunta consultiva de contratación administrativa da Comunidade Autónoma de Galicia





Forma de participación.	
Está participando o operador económico no procedemento de contratación xunto con outros?	Si () Non ()
En caso afirmativo	Identificar con NIF, NIE, VIES ou DUNS de la empresa. No caso de estar nalgún dos rexistros de licitadores, indicar: () ROLECSP: https://registrodelicitadores.gob.es , Xunta Consultiva de contratación administrativa do Estado (como número de inscrición ou certificación basta con consignar o propio NIF, NIE, VIES ou DUNS da empresa)
b) Identifíquense os demais operadores económicos que participan no procedemento de contratación conxuntamente.	() Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia: nº de inscrición:____ http://www.conselleriadefacenda.es/areas-tematicas/patrimonio/rexistro-xeral-de-contratistas/servizos-telematicos Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidade Autónoma de Galicia

Na parte II, na letra B, denominado Información sobre os representantes do operador económico, a sección dedicada á representación non é necesario que sexa cuberta se o licitador está no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Sección B	
Representación	
Nome e apelidos:	NON CUBRIR SE ESTÁ INSCRITO NALGÚN DOS REXISTROS
Cargo:	
Enderezo postal:	





Teléfono: Correo electrónico: Información sobre representación (forma, alcance, finalidade...)	
---	--

Parte III.

Relativa aos motivos de exclusión.

Dado que o formulario normalizado do DEUC non recolle ningunha referencia á nosa lexislación, para facilitar a adecuada formalización por parte das empresas desta parte do formulario a continuación segue unha táboa de equivalencias entre cada unha das preguntas que deben responder as empresas, os artigos da DN e, por último, os artigos da nosa LCSP que deron transposición ao artigo 57 DN.

Nótese que España traspuxo a regulación das prohibicións de contratar que establece a DN mediante a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, que modificou a regulación desta materia no TRLCSP, concretamente dando nova redacción aos artigos 60 e 61 e creando «ex novo» o artigo 61 bis, polo que, con carácter xeral, nesta materia non procede falar de efecto directo senón de mera aplicación de normas nacionais.

Dado que non tódalas prohibicións para contratar están inscritas no ROLECSP e/ou RXCG, as empresas deberán responder a tódalas preguntas que se formulan nesta parte III do formulario normalizado do DEUC.

Táboa de equivalencias relativa á parte III do DEUC

Parte III, nº de sección	DN	TRLCSP
Sección A	Artigo 57.1.	Artigo 71.1.a) (excepto os delitos contra a Facenda pública e a Seguridade Social relativos ao pagamento de tributos e cotizacións á Seguridade Social)





Sección B	Artigo 57.2.	Artigo 71.1: Letra a) (cando se trate de delitos contra a Facenda pública ou contra a Seguridade Social, relativos ao pagamento de tributos e cotizacións á Seguridade Social). Letra d), primeiro parágrafo, primeiro inciso. Letra f) (cando se trate de sancións administrativas firmes impostas conforme a Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria).
Sección C		
Primeira pregunta	Artigo 57.4.a).	Artigo 71.1.b) (cando non sexa infracción moi grave en materia profesional ou en materia de falseamento da competencia); Artigo 71.1.d) primeiro parágrafo, segundo inciso (no relativo ao incumprimento do requisito do 2 por 100 de empregados con discapacidade).
Segunda pregunta	Artigo 57.4.b).	Artigo 71.1.c).
Terceira pregunta	Artigo 57.4.c).	Artigo 71.1.b) (infracción moi grave en materia profesional).





Cuarta pregunta	Artigo 57.4.d).	Artigo 71.1.b) (infracción moi grave en materia de falseamento da competencia).
Quinta pregunta	Artigo 57.4, letra e).	Artigo 71.1.g) e h).
Sexta pregunta	Artigo 57.4, letra f).	Artigo 70.
Sétima pregunta	Artigo 57.4.g).	Artigo 71.2, letras c) e d).
Oitava pregunta:		
Letras a), b) e c)	Artigo 57.4.h).	Artigo 71.1, letra e) e 60.2, letras a) e b).
Letra d)	Artigo 57.4.i).	Artigo 71.1.e).
Sección D	-----	Artigo 71.1.f) (cando se trate de sanción administrativa firme de acordo co previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións)





D: Outros motivos de exclusión que poden estar previstos na lexislación nacional do Estado membro do poder adxudicador

Declaróuselle a prohibición para contratar imposta en virtude de sanción administrativa firme de acordo co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións? Se é afirmativo, especifíquese	Si () Non ()
	Se é afirmativo, adoptou medidas autocorrectoras? Si () Non () Describir as medidas:

Parte IV.

Relativa aos criterios de selección.

Convén destacar, respecto da parte IV, que os poderes e entidades adxudicadores poderán limitar a información requirida sobre os criterios de selección a unha soa pregunta, é dicir, se os operadores económicos compren ou non tódolos criterios de selección necesarios. Nese caso bastará responder SI ou NON no punto titulado “Indicación global relativa a tódolos criterios de selección” e queda excluída a formalización dos puntos seguintes:

1. Idoneidade
2. Solvencia económica e financeira
3. Capacidade técnica e profesional
4. Sistemas de aseguramento da calidade e normas de xestión ambiental

Do mesmo xeito que na parte II, aquelas empresas que figuren inscritas nun rexistro de licitadores só deberán facilitar nesta parte IV do formulario aquela información que non figure inscrita ou que, aínda estando inscrita, esta non conste de maneira actualizada. Neste punto novamente indícase, a modo orientativo respecto do ROLECSP e do RXCG, que información ou datos poderían estar inscritos e cales non.





Parte IV. Criterios de selección

Sección	É un dato/información susceptible de estar inscrito no ROLECSP?
A [«Indicación (...)»].	
A («Idoneidade»).	
Figura inscrito nun rexistro profesional ou mercantil no seu Estado membro de establecemento?	Non está no ROLECSP, se o empresario está inscrito nun rexistro profesional. Si podería estar no ROLECSP, se o empresario está inscrito nun rexistro mercantil, de cooperativas, de fundacións ou de asociacións.
Cando se trate de contratos de servizos, é preciso dispoñer dunha autorización específica ou estar afiliado a una determinada organización para poder prestar o servizo de que se trate no país de establecemento do operador económico?	Si podería estar no ROLECSP, cando conforme a lexislación nacional, se requira unha autorización, colexiación ou similar para prestar o servizo de que se trate.
B (Solvencia)	
O seu volume de negocios anual (xeral), durante o número de exercicios exixido no anuncio pertinente ou nos pregos de contratación é o seguinte...	Si podería estar no ROLECSP.
O seu volume de negocios anual (medio), durante o número de exercicios exixido no anuncio pertinente ou nos pregos de contratación é o seguinte...	Non está no ROLECSP, pero o volume de negocios anual medio en calquera período é calculable a partir dos datos do volume anual de negocios durante os exercicios correspondentes (datos inscrites, indicados na pregunta anterior)





Se non se dispón da información sobre o volume de negocios (xeral ou específico) en relación con todo o período considerado, indíquese a data de creación da empresa ou de inicio das actividades do operador económico	Si podería estar no ROLECSP.
En relación coas ratios financeiras que se especifican no anuncio pertinente ou nos pregos de contratación, o operador económico declara que o valor real das ratios requiridas é o seguinte...	Non está no ROLECSP, pero tódalas ratios financeiras son calculables a partir dos datos financeiros das contas anuais (datos que si son inscrites).
O importe asegurado no seguro de indemnización por riscos profesionais é o seguinte...	Si podería estar no* ROLECSP.

Parte V.

Relativa aos criterios para reducir o número de candidatos a que se convidará a presentar oferta.

O empresario deberá cubrir esta parte unicamente cando se trate de procedementos restrinxidos, negociados con publicidade e de diálogo competitivo.

Parte VI.

Relativa ás declaracións finais.

Esta parte debe ser cuberta e asinada pola empresa interesada en todo caso.





ANEXO II: DECLARACIÓN COMPLEMENTARIA

Número de expediente:

Denominación do contrato:

Data da declaración:

DATOS DA PERSOA QUE DECLARA

Nome: Apellidos: NIF:

Teléfono: Fax: Correo electrónico:

Enderezo para os efectos de notificación:

No caso de actuar en representación de persoa xurídica:

Entidade mercantil que representa:

NIF: Cargo:

1. DECLARO RESPONSABLEMENTE:

- Que son certos os datos que se indican nesta declaración responsable.
- Que coñezo e acepto incondicionalmente, sen excepción e reserva algunha, o prego de cláusulas administrativas, o prego de prescricións técnicas, así como a restante documentación de carácter contractual que regula esta licitación.
- Que nin o asinante da declaración nin a entidade que represento, nin ningún dos seus administradores ou representantes se atopan incursos en ningún suposto a que se refire o artigo 71 da LCSP.
- Que non forma parte dos órganos de goberno ou administración da entidade ningún alto cargo a que se refire a Lei 3/2015, do 30 de marzo, reguladora do exercicio do alto cargo da Administración xeral do Estado, da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, nin se trata de calquera dos cargos electivos regulados na Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, nos termos establecidos nesta.
- Que, en relación co establecido no artigo 149.3 da LCSP e no artigo 86 do RXLCAP sobre empresas vinculadas, a entidade mercantil que represento (consignar o que proceda):
- Non pertence a un grupo de empresas nin está integrada por ningún socio no cal concorra algún dos supostos establecidos no artigo 42 do Código de comercio.
- Pertence ao grupo de empresas.....ou está integrada por algún dos supostos establecidos no artigo 42 do Código de comercio.

a)

b)

c)





- Que, de acordo co disposto nos artigos 86 do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas e 149 da LCSP, a entidade que represento comprométese a achegar ou, se é ou caso, facilitar tanta información lle sexa solicitada, no caso de pertencer a un grupo de empresas.
- No caso de unión temporal de empresas indico, ademais, para efectos de notificación, o nome e os apelidos do representante, enderezo, teléfono e fax de contacto.
- Que a condición da miña empresa é :
 - PEME
 - NON PEME

(A efectos de cumprimentar este apartado considerase PEME a empresa que ocupa a menos de 250 persoas e cun volume de negocio anual que non excede de 50 millóns de euros o cun balance xeral que non excede de 43 millóns de euros)

- A entidade a que represento está suxeita a convenio colectivo SI__ NON__

En caso afirmativo, declaro responsablemente que a entidade cumpre coa normativa vixente en materia laboral, como:

- As disposicións contidas no Convenio Colectivo
- A empresa paga o salario recollido no convenio colectivo segundo a categoría profesional que corresponda, sen que en ningún caso sexa inferior a aquel.
- A empresa adopta as medidas de seguridade e hixiene no traballo, obrigatorias ou necesarias para previr os riscos que poidan afectar á vida, integridade e saúde dos traballadores.
- A empresa comprométese a cumprir durante todo o período de execución do contrato as normas e condicións fixadas no convenio colectivo.

2. DECLARACIÓN DE TITULACIÓN E HABILITACIÓN PROFESIONAL DO DELEGADO DE OBRA E XEFE DE OBRA

DELEGADO/A DE OBRA	TITULACIÓN	HABILITACIÓN PROFESIONAL
XEFE DE OBRA		





3. OPOSICIÓN EXPRESA Á CONSULTA DE DATOS

De conformidade co disposto no parágrafo 2 do artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas manifesto expresamente a miña oposición a que os datos que obran en poder das administracións públicas e que se me requiran no seo deste procedemento sexan consultados directamente pola administración contratante e, polo tanto, comprométome a achegar a documentación requirida.

- ☐ SÍ MANIFESTO A MIÑA OPOSICIÓN
- ☐ NON MANIFESTO A MIÑA OPOSICIÓN

4. COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. En caso de que as persoas licitadoras se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente e presentar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME A CONSULTA
Consulta datos de identidade de persoas físicas	☐
DNI/NIE da persoa representante	☐
Validación de NIF de persoas xurídicas	☐
Estar ao corrente de pago coa Seguridade Social	☐
Alta na Seguridade Social a data concreta	☐
Estar ao corrente de pago de deberes tributarios para a contratación coas Administracións Públicas	☐
Imposto de actividades económicas (IAE)	☐
Consulta de datos sobre Imposto de Actividades Económicas de Galicia	☐





5. DATOS PARA O EFECTO DE NOTIFICACIÓNS

Coa finalidade de recibir avisos de posta a disposición da notificación realizada a través do sistema SILEX, facilito os seguintes medios (campos obrigatorios):

correo electrónico: _____

teléfono móbil: _____

COMPROMÉTOME a aceptar e dar por válidas todas as notificacións que se efectúen no correo electrónico especificado.

No caso de presentación en UTEs deberán indicar un único correo electrónico para os efectos de notificacións.

6. DOCUMENTACIÓN CONFIDENCIAL

Ao abeiro do disposto no artigo 133 da LCSP declaro como confidencial as seguintes informacións e aspectos da oferta por razón da súa vinculación a segredos técnicos ou comerciais:

Motivación:

7. CÓDIGO ÉTICO INSTITUCIONAL DA XUNTA DE GALICIA

MANIFESTO coñecer o contido e alcance do Código ético institucional da Xunta de Galicia, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia do 24 de xullo de 2014 e publicado mediante a Resolución do 8 de setembro de 2014 (DOG núm. 179, do 19.9.2014).

8. DOCUMENTACIÓN DE DESEMPATE

- ☐ Non achego documentación de desempate
- ☐ Comprométome a achegar a seguinte documentación de desempate:





9. SOMETEMENTO AO FORO ESPAÑOL (só para empresarios estranxeiros)

- Declaro someterme á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para todas as incidencias que, de modo directo ou indirecto, poidan xurdir do contrato con renuncia, se for o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que me poida corresponder.

En, o ... de de 20...

(Lugar e data)

Sinatura:





ANEXO III. PROPOSICIÓN ECONÓMICA E TÉCNICA

Número de expediente:

Denominación da contratación:

Data da declaración: __/__/__

DATOS DO DECLARANTE

Nome: _____ Apelidos: _____ NIF: _____ Teléfono: _____

_____ Fax: _____ Correo electrónico: _____

Enderezo para efectos de práctica de notificacións: _____

(no caso de actuar en representación:)

Entidade mercantil que representa: _____

NIF: _____ Cargo: _____

MANIFESTA

Que, coñecido o prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que deben rexer a contratación referida e aceptando íntegra e incondicionalmente o seu contido, comprométese a executar o contrato de referencia, con estrita suxeición aos requisitos e condicións sinalados nos pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, nas seguintes condicións:

1. Oferta económica (O importe debe expresarse claramente en números e letras)*

- Importe neto: _____ €

- IVE (____%): _____ €

- Total: _____ €

2. Outros criterios avaliados a través de fórmulas matemáticas:

1. **Aumento do prazo de garantía:** O incremento do prazo de garantía terá que indicarse unicamente por anos adicionais completos. Puntuación Ponderación Ata 8 puntos 8 %

INCREMENTO DO PRAZO EN ANOS	RISQUE CUN X
1	





2	
3	
4	
..... ANOS	

3. Porcentaxe total destinado ao control de calidade das obras [Puntuación Ponderación Ata 7 puntos-7 %]: _____ %

Para tódolos efectos, a presente oferta comprende non só o prezo do contrato como tal, senón tamén o importe do imposto sobre o valor engadido, a teor do disposto no artigo 25 do Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro, polo que se aproba o regulamento do mencionado imposto, e que se indica como partida independente de conformidade co establecido no artigo 139.4 da LCSP

.....,de.....de.....

(Sinatura e selo do licitador)

No caso en que, na presente contratación se admita a presentación de VARIANTES e a proposición presentada o sexa, deberase consignar expresamente neste Anexo.





ANEXO IV

MODELO DE ÍNDICE DA DOCUMENTACIÓN DO SOBRE ELECTRÓNICO B

Don/dona en nome propio ou en representación da empresa, con enderezo para os efectos de notificacións na provincia de....., rúa nº, e DNI nº, en relación co procedemento convocado para a realización do contrato, visto o disposto nos criterios de adxudicación do contrato, declaro que o sobre B recolle os seguintes documentos debidamente asinados:

(Lugar, data e sinatura)





ANEXO V (cando proceda por non presentar clasificación)

MODELO DE ACREDITACIÓN DA EXPERIENCIA ESIXIDA NA SOLVENCIA TÉCNICA OU PROFESIONAL

Don/dona....., con enderezo para os efectos de notificacións na provincia de....., rúa nº, e DNI nº, en relación co previsto no apartado 5.3 do cadro de características do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a presente contratación administrativa, declaro que a experiencia requirida para acreditar a solvencia técnica ou profesional é a que se menciona no seguinte cadro:

Relación das obras similares executadas no curso dos últimos cinco anos, acompañada de certificados de boa execución ou no seu caso declaración do licitador				
Denominación e obxecto concreto	Importe (sen IVE)	Data de inicio (día/mes/ano)	Data de finalización da execución (día/mes/ano)	Destinatario (público/ privado)

(Lugar, data e sinatura)

